

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15621 *Lei 31/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, refunde nun só texto a Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, e as súas posteriores modificacións. Ademais de levar a cabo a dita refundición, a directiva simplifica o réxime de comercialización transfronteiriza das institucións de investimento colectivo (en diante IIC), prevé un réxime de actuación transfronteiriza das sociedades xestoras de IIC, reforza as potestades supervisoras e mecanismos de cooperación entre autoridades supervisoras competentes, regula un novo instrumento informativo das IIC denominado «documento cos datos fundamentais para o investidor» e prevé un réxime para as fusións de IIC e as estruturas principal-subordinado.

Por outra banda, o artigo 11 da Directiva 2010/78/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican as directivas 98/26/CE, 2002/87/CE, 2003/6/CE, 2003/41/CE, 2003/71/CE, 2004/39/CE, 2004/109/CE, 2005/60/CE, 2006/48/CE, 2006/49/CE e 2009/65/CE en relación coas facultades da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Bancaria Europea), a Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación) e a Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), modifica parcialmente a Directiva 2009/65/CE. As modificacións refírense á configuración da Autoridade Europea de Valores e Mercados como autoridade á cal a Comisión Nacional do Mercado de Valores (en diante CNMV) lle debe remitir determinada información, non só no marco da cooperación entre supervisores senón tamén información en relación con denegacións de autorizacións de determinadas institucións de investimento colectivo e autorizacións concedidas a sociedades xestoras. Tamén se recolle na directiva a posibilidade de mediación vinculante por parte da Autoridade Europea de Valores e Mercados en determinados casos de confluencia de autoridades competentes de distintos Estados membros.

Esta lei ten como obxecto iniciar a transposición das ditas directivas, transposición que se completará coa normativa de desenvolvemento, e para iso modifícase a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Aprovéitase, ademais, a obrigada modificación da Lei 35/2003 en cumprimento das nosas obrigas respecto ao dereito da Unión Europea para introducir outras modificacións co obxectivo de reforzar a competitividade da nosa industria nun contexto de maior

integración e competencia, e para establecer medidas a prol dunha mellora da supervisión das IIC e das sociedades xestoras por parte da CNMV.

Con eses obxectivos, esta lei componse dun artigo único que introduce modificacións á Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ao longo de 71 puntos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e oito disposicións derradeiras.

II

Dentro dun primeiro conxunto de novidades, esta lei introduce na Lei 35/2003 as disposicións necesarias (réxime legal aplicable e potestades de supervisión) para o correcto funcionamento do pasaporte da sociedade xestora para a xestión de fondos.

En primeiro lugar, a partir da entrada en vigor da norma, as sociedades xestoras españolas poderán xestionar fondos domiciliados noutros Estados membros, e as sociedades xestoras doutros Estados membros poderán xestionar fondos españois.

A este respecto, hai que ter en conta que as sociedades xestoras e os fondos de investimento e sociedades de investimento harmonizados xa gozan dun pasaporte para a comercialización transfronteiriza das súas accións e participacións. A novidade consiste en introducir o pasaporte para a propia xestión transfronteiriza de fondos. Isto fai necesario un maior grao de confianza entre o supervisor de orixe (encargado principalmente da supervisión do cumprimento das normas de organización, e das normas de conduta cando a SXIIC actúa en libre prestación de servizos) e o supervisor de acollida (baixo cuxa responsabilidade quedan as normas de conduta cando a SXIIC actúa mediante sucursal, e as normas de organización e funcionamento do fondo).

En segundo lugar, simplifícase o réxime de comercialización transfronteiriza. Coa actual normativa, a comercialización transfronteiriza exige informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, así como a presentación dunha serie de documentación ante a autoridade competente do Estado membro de acollida, o cal dilata considerablemente este trámite. Coa nova redacción dada á lei, o procedemento para a comercialización transfronteiriza de fondos ou sociedades de investimento pasará pola notificación entre autoridades competentes da solicitude da sociedade xestora e da comprobación exclusivamente por parte da autoridade competente do Estado membro de orixe do cumprimento dos requisitos necesarios para vender accións ou participacións de IIC a investidores de Estados membros distintos daquel en que se encontra domiciliado o fondo ou sociedade. Axilízase, por tanto, o acceso a outros mercados, principalmente mediante unha redución dos prazos dispoñibles para que as autoridades competentes leven a cabo esas notificacións e coa supresión da necesidade de comunicación da IIC coa autoridade competente do Estado membro de acollida.

III

Un segundo conxunto de modificacións incluídas nesta lei diríxense ao reforzo da protección do investidor.

En primeiro lugar, tal incremento prodúcese a través do fortalecemento dos mecanismos de cooperación, consulta e intercambio de información entre as autoridades supervisoras competentes. As máis amplas posibilidades de actuación transfronteiriza das IIC e das súas sociedades xestoras levan tamén a dotar as autoridades de supervisión nacionais e europeas de instrumentos que garantan o adecuado equilibrio co outro ben xurídico fundamental en xogo, isto é, a protección do investidor.

En segundo lugar, débese aumentar a protección ao investidor respecto dos seus dereitos de información. Neste sentido, resulta necesaria a modificación do artigo 17 da Lei 35/2003, ademais de para incluír algunha mellora técnica, fundamentalmente para introducir un novo documento informativo: «o documento cos datos fundamentais para o investidor», que substitúe o anterior folleto simplificado e que presenta dúas novidades substanciais respecto deste, co fin de axudar o investidor a adoptar decisións fundadas. Por unha banda, harmonízase completamente este documento co obxectivo de facer

perfectamente comparables os fondos e sociedades harmonizados de calquera Estado membro. En segundo termo, os datos presentaranse de forma abreviada e facilmente comprensibles para o investidor; así, neste instrumento unicamente se deberán conter os datos esenciais para adoptar tales decisións. En virtude da introdución deste novo documento informativo, é necesario establecer outra serie de modificacións eminentemente técnicas na Lei 35/2003.

IV

Un terceiro bloque de materias incluído nesta lei é o daquelas reformas destinadas ao aumento da competitividade do sector. Dentro destas, unha novidade esencial de cara a reforzar a competitividade da nosa industria de investimento neste contexto de maior apertura a escala europea é a posibilidade de utilizar contas globais para a comercialización en España de fondos domiciliados no noso país, a través da modificación do punto 3 do artigo 40 da Lei 35/2003. A introdución na nosa lexislación destas contas globais resulta imprescindible para eliminar a discriminación que teñen as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (en diante, SXIIC) españolas para a comercialización de fondos españois no noso país a través de contas globais, fronte ás IIC estranxeiras que veñen utilizando este mecanismo de comercialización. Trátase, en definitiva, de eliminar un desincentivo comercial fundamental que dificulta a conclusión polas SXIIC destes contratos de comercialización con entidades residentes en España que, pola contra, as SXIIC estranxeiras poden concluír facilmente. Esta reforma non afecta os restantes bens xurídicos protexidos na regulación de IIC, moi especialmente a protección ao investidor. A posibilidade de utilización das contas globais no punto 34 desta lei vai acompañada de adaptacións menores noutras disposicións da Lei 35/2003.

Nesta liña de reforzamento da competitividade da nosa industria e do incremento da capacidade de captación de investimento do noso sector, a Lei 35/2003 modifícase para outorgar a posibilidade de que as IIC poidan ceder en garantía parte dos activos incluídos no seu patrimonio, mellorando así as súas posibilidades de financiamento, especialmente mediante acordos marco de compensación contractual. Ao longo do articulado establécense outras medidas de fomento da competitividade da nosa industria reducindo as cargas administrativas e flexibilizando os procedementos.

V

Finalmente, a lei inclúe outra serie de materias. Por maior abastanza do dito anteriormente, e máis aló da protección ao investidor, a lei tamén introduce mecanismos adicionais co fin de facilitar e reforzar a actividade supervisora da CNMV. Así mesmo, a lei introduce diversas melloras técnicas co obxecto de lograr unha maior seguridade xurídica que facilite as transaccións económicas.

A lei conclúe con tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, que derroga expresamente a disposición transitoria quinta da Lei 35/2003, e oito disposicións derradeiras, relativas á comercialización dos fondos de investimento a que se refire o artigo 40.3, ao cumprimento de determinadas obrigas fiscais, á incorporación de dereito da Unión Europea, á declaración de acontecementos de excepcional interese público, á modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, á habilitación para o desenvolvemento regulamentario e á determinación da data de entrada en vigor da norma.

Artigo único. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda modificada como segue:

Un. As letras a), b) e c) do artigo 2.1 quedan redactadas como segue:

«a) Ás institucións de investimento colectivo que teñan en España o seu domicilio social no caso de sociedades de investimento, ou que se autorizasen en España, no caso de fondos.

b) Ás institucións de investimento colectivo autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, de acordo coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas, sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (en diante, a Directiva 2009/65/CE), e que se comercialicen en España. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15.

c) Ás institucións de investimento colectivo autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea non sometidas á Directiva 2009/65/CE, e ás institucións de investimento colectivo autorizadas en Estados non membros da Unión Europea, en ambos os casos cando se comercialicen en España.»

Dous. O punto 2 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«2. Así mesmo, esta lei resultará de aplicación ás sociedades xestoras ás cales se refire o título IV, aos depositarios previstos no título V, así como a outras entidades que presten servizos ás IIC, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.»

Tres. O punto 1 do artigo 7 queda redactado como segue:

«1. A participación en cada unha das partes alícuotas en que se divide o patrimonio dun fondo. As participacións non terán valor nominal, terán a condición de valores negociables e poderanse representar mediante certificados nominativos ou mediante anotacións en conta. Dentro dun mesmo fondo ou, de ser o caso, dun mesmo compartimento, poderán existir distintas clases de participacións, que se poderán diferenciar, entre outros aspectos, pola divisa de denominación, pola política de distribución de resultados ou polas comisións que lles sexan aplicables. Cada clase de participacións recibirá unha denominación específica, que irá precedida da denominación do fondo e, de ser o caso, do compartimento.»

Catro. O artigo 8 modifícase da seguinte forma:

«Artigo 8. *Comisións.*

As sociedades xestoras e os depositarios poderán percibir dos fondos comisións de xestión e de depósito, respectivamente, e as sociedades xestoras dos partícipes, comisións de subscripción e reembolso; igualmente, poderanse establecer descontos de subscripción e reembolso a favor dos propios fondos. As ditas comisións, que se fixarán como unha porcentaxe sobre o patrimonio ou rendemento do fondo, ou ben sobre unha combinación de ambas as variables ou, de ser o caso, sobre o valor liquidativo da participación, non poderán exceder os límites que, como garantía dos intereses dos partícipes e en función da natureza do fondo e do prazo de vencemento dos investimentos, se establezan regulamentariamente. No folleto e no documento cos datos fundamentais para o investidor deberanse recoller a forma de cálculo e o límite máximo das comisións, as comisións efectivamente cobradas e a entidade beneficiaria do seu cobramento.

Poderanse aplicar distintas comisións ás distintas clases de participacións emitidas por un mesmo fondo. En calquera caso, aplicaranse as mesmas comisións de xestión e depositario a todas as participacións dunha mesma clase. »

Cinco. Os puntos 2 e 3 do artigo 9 quedan redactados da seguinte maneira:

«2. As sociedades de investimento rexeranse polo establecido nesta lei e, non previsto nela, polo disposto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo (en diante, a Lei de

sociedades de capital) e a Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

3. O capital das sociedades de investimento deberá estar integramente subscrito e desembolsado desde a súa constitución, e representarse mediante accións. Poderanse emitir diferentes series de accións, que se poderán diferenciar, entre outros aspectos, pola divisa de denominación, pola política de distribución de resultados ou polas comisións que lles sexan aplicables. As accións pertencentes a unha mesma serie terán igual valor nominal e conferirán os mesmos dereitos. Así mesmo, cada unha destas series recibirá unha denominación específica, que irá precedida da denominación da sociedade e, de ser o caso, do compartimento. As ditas accións poderán estar representadas mediante títulos nominativos ou mediante anotacións en conta.»

Seis. O punto 2 do artigo 10 queda redactado como segue:

«2. A solicitude de autorización deberá incorporar, en todo caso, unha memoria, a acreditación da honorabilidade e da profesionalidade, nos termos sinalados nesta lei, daqueles que desempeñen cargos de administración e dirección da IIC e, en xeral, cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste artigo. Así mesmo, a dita solicitude deberá incorporar, no caso dos fondos de investimento, o folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor a que fai referencia o artigo 17 desta lei e, no caso das sociedades que non designasen sociedade de xestión, unha memoria de actividade na cal apareza a estrutura organizativa. No caso dos fondos, a solicitude deberá incorporar o seu regulamento de xestión e, no caso das sociedades, os estatutos sociais.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores (en diante, CNMV) establecerá os modelos normalizados de toda a documentación a que se refire este punto.»

Sete. O punto 3 do artigo 10 queda redactado como segue:

«3. No caso de fondos de investimento e de sociedades de investimento que designasen unha sociedade xestora, a autorización da CNMV deberase notificar dentro dos dous meses seguintes á recepción da solicitude, ou no momento en que se complete a documentación exigible.

No caso de sociedades de investimento que non designasen unha sociedade xestora, a autorización da CNMV deberase notificar dentro do tres meses seguintes á recepción da solicitude, ou no momento en que se complete a documentación exigible. Se transcorren cinco meses sen que se dite resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude por silencio administrativo, cos efectos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Oito. O punto 4 do artigo 10 queda redactado como segue:

«4. A CNMV só poderá denegar, mediante resolución motivada, a autorización de creación dunha IIC cando non se cumpran os requisitos legais e regulamentarios. No caso das sociedades de investimento tamén poderá ser denegada a autorización nos seguintes supostos:

a) Na falta de transparencia na estrutura do grupo ao cal eventualmente poida pertencer a entidade.

b) No caso de sociedades que non designasen unha sociedade xestora, cando manteña vínculos estreitos con outras entidades que non permitan un exercicio adecuado e efectivo das funcións de supervisión a cargo da CNMV.

c) Cando se deduza que poden existir graves dificultades para inspeccionala ou obter a información que a CNMV xulgue necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas funcións supervisoras.

d) Cando as disposicións legais, regulamentarias ou administrativas dun Estado non membro da Unión Europea polas cales se rexan as persoas físicas ou xurídicas con que a sociedade de investimento mantéña vínculos estreitos, ou as dificultades que supoña a súa aplicación, impidan o exercicio efectivo das referidas funcións de supervisión.

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase que existen vínculos estreitos cando dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas estean unidas mediante:

1.º Un vínculo de control, nos termos previstos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (en diante, a Lei do mercado de valores).

2.º O feito de posuír, de maneira directa ou indirecta, ou mediante un vínculo de control, o 20 por cento ou máis do capital ou dos dereitos de voto dunha empresa ou entidade.

No caso de que a sociedade xestora estea autorizada noutro Estado membro da Unión Europea en virtude da Directiva 2009/65/CE, a autorización para a creación dunha IIC en España só poderá ser denegada nos seguintes supostos:

a) Cando a sociedade xestora non respecte o previsto nos dous primeiros parágrafos do artigo 55.2.bis.

b) Cando a sociedade xestora non estea autorizada polas autoridades competentes do seu Estado membro de orixe a xestionar IIC do tipo para o cal solicita a autorización.

c) Cando a sociedade xestora non facilitase a documentación a que se refire o artigo 11.4.

Antes de rexeitar unha solicitude, a CNMV consultará as autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora.

A CNMV informará anualmente a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados do número e da natureza destas denegacións.»

Novo. O punto 6 do artigo 10 queda co seguinte teor literal:

«6. As IIC non poderán dar comezo á súa actividade ata que non se inscribisen no Rexistro Administrativo da CNMV e se procedese ao rexistro do folleto informativo correspondente á institución e do documento cos datos fundamentais para o investidor. A inscrición dos fondos de investimento no rexistro mercantil será potestativa.»

Dez. A letra e) do artigo 11.1 queda redactada como segue:

«e) No caso dos fondos de investimento, designar unha sociedade xestora que cumpra o previsto no artigo 43.1.c) desta lei se é unha SXIIC autorizada en España, ou que cumpra o previsto no artigo 11.4 se é unha sociedade xestora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea en virtude da Directiva 2009/65/CE.

No caso das sociedades de investimento, se o capital social inicial mínimo non supera os 300.000 euros, designar unha sociedade xestora nos termos previstos anteriormente.»

Once. O punto 2 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Tratándose de sociedades de investimento será necesario cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Contar cunha organización administrativa e contable, así como con procedementos de control interno adecuados que garantan, tanto aqueles coma

estes, a xestión correcta e prudente da IIC, incluíndo procedementos de xestión de riscos, así como mecanismos de control e de seguridade no ámbito informático e órganos e procedementos para a prevención do branqueo de capitais.

b) Que o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, estea situado en territorio español.

c) Que todos os administradores ou, de ser o caso, os membros do seu consello de administración, incluídas as persoas físicas que representen persoas xurídicas nos consellos, así como quen desempeñe cargos de dirección na entidade, teñan unha recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional.

Para os efectos do disposto neste artigo considerárase que desempeñan cargos de dirección os directores xerais e aqueles que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados.

Concorre honorabilidade empresarial e profesional naqueles que viñesen observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulen a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais e financeiras. En todo caso, entenderase que carecen de tal honorabilidade aqueles que en España ou no estranxeiro teñan antecedentes penais por delitos dolosos, estean procesados ou, tratándose dos procedementos a que se refiren os títulos II e III do libro IV da Lei de axuizamento criminal, de se ter ditado auto de apertura do xuízo oral, estean inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras, ou estean inhabilitados, conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, e os quebrados e concursados non rehabilitados en procedementos concursais anteriores á entrada en vigor da referida lei.

d) Que a maioría dos membros do seu consello de administración, ou das súas comisións executivas, así como todos os conselleiros delegados e directores xerais e asimilados, contén con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores ou co obxecto principal de investimento da IIC en cuestión.

e) Contar cun regulamento interno de conduta nos termos previstos no capítulo I do título VI desta lei.

Os requisitos previstos nas anteriores alíneas a), d) e e) non serán exixibles ás sociedades de investimento cuxa xestión, administración e representación estean encomendadas a unha ou varias sociedades xestoras.

No caso de que se produzan cambios nas persoas que desempeñen cargos de administración e dirección na sociedade, os novos datos identificativos deberán comunicarse inmediatamente á CNMV, que os fará públicos a través do correspondente rexistro.»

Doce. Engádense dous novos puntos, 4 e 5, ao artigo 11 coa seguinte redacción:

«4. No caso de que a sociedade xestora estea autorizada noutro Estado membro da UE en virtude da Directiva 2009/65/CE, será ademais necesario para obter a autorización facilitar á CNMV os seguintes documentos:

- a) O acordo escrito co depositario a que se refire o artigo 60 bis.
- b) Información sobre as modalidades de delegación en relación coas funcións da xestión de activos e da administración das IIC.

A sociedade xestora notificará á CNMV calquera modificación substancial posterior desta documentación.

Se a sociedade xestora xa xestiona outra IIC do mesmo tipo en España, será suficiente a referencia á documentación xa facilitada.

En ningún caso a autorización da IIC estará supeditada a que esta sexa xestionada por unha sociedade xestora cuxo domicilio social se atope en España nin a que a sociedade xestora exerza por si ou delegue o exercicio dalgunhas actividades en España.

5. Na medida en que sexa necesario para garantir o cumprimento das normas de cuxa supervisión sexa responsable a CNMV, esta poderá solicitar ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade de xestión precisións e información acerca da documentación a que se refire o punto anterior e, sobre a base do certificado que a autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora debe terlle remitido, acerca de se o tipo de IIC para o cal se solicita autorización entra no ámbito da autorización outorgada á sociedade de xestión.»

Trece. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Modificación de proxectos constitutivos, estatutos e regulamentos.*

1. As modificacións no proxecto constitutivo, nos estatutos ou no regulamento das IIC quedarán suxeitas ao procedemento de autorización previa establecido no artigo 10.

Non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas posteriormente á CNMV para a súa constancia no rexistro correspondente, as modificacións dos estatutos sociais e dos regulamentos que teñan por obxecto:

- a) O cambio de domicilio dentro do territorio nacional así como o cambio de denominación da sociedade xestora ou do depositario.
- b) A incorporación aos regulamentos dos fondos de investimento ou aos estatutos das sociedades de investimento de preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo, ou cumprimento de resolucións xudiciais ou administrativas.
- c) As ampliacións de capital con cargo a reservas das sociedades de investimento.
- d) Aqueloutras modificacións para as cales a CNMV, en contestación en consulta previa ou mediante resolución ou disposición de carácter xeral, considerase innecesario, pola súa escasa relevancia, o trámite de autorización.

2. Toda modificación do regulamento dun fondo de investimento, despois de ser autorizada pola CNMV, deberá ser comunicada pola sociedade xestora de forma inmediata aos partícipes. Cando a modificación do regulamento de xestión, folleto ou documento cos datos fundamentais para o investidor afecte a política de investimento, política de distribución de resultados, substitución da sociedade xestora, delegación da xestión da carteira noutra entidade, cambio de control da sociedade xestora ou do depositario, fusión, transformación ou escisión do fondo, establecemento ou elevación das comisións, modificacións na periodicidade do cálculo do valor liquidativo, transformación nunha IIC por compartimentos ou en compartimentos doutras IIC, así como nos supostos que se determinen regulamentariamente, deberá ser comunicada aos partícipes con carácter previo á súa entrada en vigor. As modificacións que se refiran á substitución do depositario como consecuencia de operacións societarias sobrevidas ou suxeitas á verificación doutros organismos poderán inscribirse inmediatamente na CNMV sempre que se cumpra coa obriga da sociedade xestora de lles comunicar este cambio aos partícipes. En todos eses casos, sempre que exista comisión de reembolso ou gastos ou descontos asociados a el, os partícipes terán dereito de separación, sen dedución de comisión nin gasto ningún, coa excepción do que se estableza a este respecto en casos particulares.

No entanto, non existirá dereito de separación nos casos de substitución da sociedade xestora ou do depositario sempre que a entidade substituta sexa do mesmo grupo, ou nos casos de fusión ou creación dunha sociedade xestora ou depositario do mesmo grupo. En todo caso, deberase acreditar unha continuidade na xestión no momento da solicitude da autorización prevista no parágrafo anterior deste punto.

O dereito de separación a que se refire este punto exercerase, no caso de fondos de investimento cotizados, no mercado habilitado no folleto para a clase de partícipe que exerce o dereito. Os partícipes soportarán os gastos ordinarios derivados da operativa bolsista correspondente ao exercicio do dito dereito.

Regulamentariamente establecerase a data para o cálculo do valor liquidativo que se debe aplicar aos reembolsos, a forma en que entrarán en vigor as modificacións e o prazo e procedemento para a execución do dereito de separación que, en todo caso, garantirá a información aos partícipes e dará lugar á actualización do regulamento de xestión e do folleto explicativo do fondo.»

Catorce. A letra a) e a letra i) do artigo 13.1 quedan redactadas co seguinte teor literal:

«a) Polo incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10.4 ou no artigo 11 desta lei.

No entanto, cando por circunstancias do mercado ou polo obrigado cumprimento desta lei ou das prescricións da Lei de sociedades de capital, o patrimonio ou o número de partícipes dun fondo, ou o capital ou o número de accionistas dunha sociedade de investimento, descendesen dos mínimos establecidos regulamentariamente, as ditas institucións gozarán do prazo dun ano, durante o cal poderán continuar operando como tales. Dentro do dito prazo deberán, ben levar a efecto a reconstitución do capital ou do patrimonio e do número de accionistas ou partícipes, ben renunciar á autorización concedida ou ben decidir a súa disolución.»

«i) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas no capítulo I do título X da Lei de sociedades de capital.»

Quince. Engádese un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Comunicación da revogación a outras autoridades competentes.*

Cando a IIC leve a cabo as actividades de comercialización transfronteiriza noutro Estado membro en virtude do artigo 16, ou sexa xestionada por unha sociedade xestora con domicilio social nun Estado membro da Unión Europea distinto de España, a CNMV comunicarlles a revogación a que se refire o artigo anterior ás autoridades competentes dos ditos Estados membros.»

Dezaseis. O punto 1 do artigo 15 queda redactado como segue:

«1. A comercialización en España das accións e participacións das institucións de investimento colectivo autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2009/65/CE será libre con suxeición ás normas previstas neste artigo, desde que a autoridade competente do seu Estado membro de orixe lle comunique á IIC que remitiu á CNMV o escrito de notificación con información sobre as disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando cumpra, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas, o regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade, o seu folleto, o último informe anual e, de ser o caso, o informe semestral sucesivo, o documento cos datos fundamentais para o investidor e o certificado acreditativo de que a IIC cumpre as condicións impostas pola Directiva 2009/65/CE.

En todo caso, a CNMV aceptará o envío por medios electrónicos da documentación a que se refire o primeiro parágrafo.

A CNMV non exixirá información ou documentación adicional ao establecido neste artigo.

As IIC deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España que non entren no ámbito da Directiva 2009/65/CE, así como as normas que regulan a publicidade en España. A CNMV supervisará o cumprimento destas obrigas.

Conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, as IIC deberán facilitar os pagamentos aos accionistas e partícipes, a adquisición pola IIC das súas accións ou o reembolso das participacións, a difusión das informacións que deban fornecer aos accionistas e partícipes residentes en España, e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.»

Dezasete. Engádense os puntos 1 bis e 1 ter ao artigo 15 co seguinte teor literal:

«1 bis. A IIC a que se refire o punto anterior proporcionaralles aos investidores radicados en España toda a información e documentación que conforme a lexislación do seu Estado membro de orixe deba proporcionar aos investidores radicados no dito Estado. Esta información proporcionarase na forma establecida nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

O documento cos datos fundamentais para o investidor e as súas modificacións deberanse presentar en castelán ou noutra lingua admitida pola CNMV.

O folleto e os informes anual e semestral e as súas modificacións deberanse presentar en castelán, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou noutra lingua admitida pola CNMV.

A tradución da información a que se refiren os parágrafos anteriores realizarase baixo a responsabilidade da IIC e reflectirá fielmente o contido da información orixinal.

1 ter. En caso de modificación da información sobre as modalidades de comercialización de participacións ou accións, ou en relación coas clases destas que se vaian comercializar, comunicada no escrito de notificación a que se refire o parágrafo primeiro do punto primeiro, a IIC a que se refire o punto primeiro informará diso por escrito a CNMV antes de que a dita modificación sexa efectiva.

A IIC comunicará á CNMV calquera modificación dos documentos a que se refire o primeiro parágrafo do punto primeiro e indicará o sitio en que se poden obter en formato electrónico.»

Dezaoito. O punto 2 do artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«2. A comercialización en España das accións e participacións das institucións de investimento colectivo a que se refire o artigo 2.1.c) requirirá que, con carácter previo, se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que a normativa española regula a mesma categoría de institución de investimento colectivo á cal pertence a institución estranxeira e que a institución de investimento colectivo está suxeita no seu Estado de orixe a unha normativa específica de protección dos intereses dos accionistas ou partícipes semellante á normativa española nesta materia.

b) Informe favorable da autoridade do Estado de orixe á cal estean encomendados o control e a inspección da institución de investimento colectivo con respecto ao desenvolvemento das actividades desta.

Acreditados tales aspectos, a institución de investimento colectivo deberase someter aos seguintes requisitos:

1.º Presentación e rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dos documentos que acrediten a suxeición da institución de investimento colectivo e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio ao réxime xurídico que lle sexa aplicable.

2.º Presentación e rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dos estados financeiros da institución de investimento colectivo e o seu correspondente informe de auditoría de contas, preparados de acordo coa lexislación aplicable á dita institución de investimento colectivo.

3.º Presentación, aprobación e rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dun folleto informativo e dun documento cos datos fundamentais para o investidor, así como a súa publicación.

Todos os documentos a que se refire este punto se deberán presentar acompañados da súa tradución xurada para o castelán.

Para que a institución de investimento colectivo poida comercializar as súas accións ou participacións en España será preciso que sexa expresamente autorizada para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que quede inscrita nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A autorización poderá ser denegada por motivos prudenciais, por non se dar un trato equivalente ás institucións de investimento colectivas españolas no seu país de orixe, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España e pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas institucións de investimento colectivo e as institucións de investimento colectivo autorizadas en España.

Unha vez autorizadas e inscritas no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, estas institucións quedarán sometidas ás mesmas obrigas de información que se establecen no quinto parágrafo do punto 1 anterior.»

Dezanove. O punto 3 do artigo 15 queda redactado como segue:

«3. No caso recollido no punto anterior, o intermediario facultado deberalles facilitar gratuitamente aos accionistas ou partícipes residentes en España da IIC estranxeira, de conformidade co disposto no capítulo III do título II desta lei, o folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor e os informes anual e semestral das IIC, así como o regulamento de xestión do fondo ou, de ser o caso, os estatutos da sociedade. Estes documentos facilitaranse na súa tradución xurada para o castelán.»

Vinte. O artigo 16 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 16. *Comercialización das accións e participacións de IIC españolas no ámbito da Unión Europea.*

1. As IIC españolas que pretendan comercializar as súas accións ou participacións no ámbito da Unión Europea de conformidade co disposto na Directiva 2009/65/CE, deberán remitir á CNMV un escrito de notificación que conteña información sobre as disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións no Estado membro de acollida e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.

A IIC xuntará a este escrito a seguinte documentación:

- a) Regulamento do fondo de investimento ou escritura de constitución da sociedade de investimento.
- b) Folleto.
- c) Documento cos datos fundamentais para o investidor.

d) Último informe anual e, de ser o caso, o informe semestral sucesivo.

O documento cos datos fundamentais para o investidor deberase presentar nunha das linguas oficiais do Estado membro de acollida ou noutra lingua admitida polas autoridades competentes do Estado membro de acollida.

O regulamento do fondo de investimento ou a escritura de constitución da sociedade de investimento, o folleto e os informes anual e semestral deberán presentarse nunha das linguas oficiais do Estado membro de acollida, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou noutra lingua admitida polas autoridades competentes do Estado membro de acollida.

A tradución da información a que se refiren os parágrafos anteriores realizarase baixo a responsabilidade da IIC e reflectirá fielmente o contido da información orixinal.

A CNMV verificará que esta documentación estea completa. Neste caso remitirállela ás autoridades competentes do Estado membro no cal a IIC teña previsto comercializar as súas participacións ou accións, no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da dita documentación completa, xunto cun certificado en que se sinala que a institución de investimento colectivo reúne as condicións establecidas na Directiva 2009/65/CE. Esta remisión levarase a cabo por medios electrónicos. A CMMV notificará inmediatamente este feito á IIC. Unha vez recibida a dita notificación pola IIC, esta terá acceso ao mercado do Estado membro de acollida.

O escrito de notificación e o certificado referidos no primeiro e sexto parágrafo expediranse, polo menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

2. A CNMV garantirá que as autoridades competentes do Estado membro de acollida da IIC teñan acceso por medios electrónicos á documentación a que se refire o parágrafo segundo do punto anterior, nos termos sinalados, e velará por que a IIC mantéña actualizadas a documentación e as traducións. A IIC comunicará á autoridade competente do Estado membro de acollida calquera modificación dos devanditos documentos e indicará o sitio en que se poden obter en formato electrónico.

En caso de modificación da información sobre as modalidades de comercialización de participacións ou accións, ou en relación coas clases destas que se vaian comercializar, comunicada no escrito de notificación a que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior, a IIC informará diso por escrito as autoridades competentes do Estado membro de acollida antes de que a dita modificación sexa efectiva.

As IIC proporcionaranlles aos investidores radicados no Estado membro de acollida toda a información prevista nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Ás IIC autorizadas en España que comercialicen as súas accións ou participacións noutro Estado membro da UE de acordo co establecido neste artigo aplicaráselles, en todo caso, a normativa española en relación coa frecuencia de cálculo e publicación do valor liquidativo das participacións ou accións, para os efectos de subscripción, reembolso, venda e recompra.»

Vinte e un. Redáctase o artigo 17 do seguinte modo:

«Artigo 17. *Documentos informativos.*

1. A sociedade xestora, para cada un dos fondos de investimento que administre, e as sociedades de investimento deberán publicar para a súa difusión entre os accionistas, partícipes e público en xeral un folleto, un documento cos datos fundamentais para o investidor, un informe anual, un informe semestral e un informe trimestral, co fin de que, de forma actualizada, sexan publicamente coñecidas todas as circunstancias que poidan influír na apreciación do valor do

patrimonio e perspectivas da institución, en particular, os riscos inherentes que comporta, así como o cumprimento da normativa aplicable.

2. O folleto conterá os estatutos ou o regulamento das IIC, segundo proceda, e axustarase ao previsto no artigo 27 da Lei do mercado de valores e na normativa de desenvolvemento desta lei, e será rexistrado pola CNMV co alcance previsto no artigo 92 da Lei do mercado de valores.

O folleto deberase actualizar nos termos que se determinen regulamentariamente.

3. O documento cos datos fundamentais para o investidor proporcionará a seguinte información:

- a) Identificación da IIC.
- b) Unha descrición sucinta dos seus obxectivos de investimento e a súa política de investimento.
- c) Unha presentación dos rendementos históricos ou, se procede, escenarios de rendibilidade.
- d) Os custos e gastos asociados.
- e) O perfil risco/remuneración do investimento, con orientacións e advertencias apropiadas en relación cos riscos asociados aos investimentos na IIC considerada.

O documento deberá conter unha declaración do lugar onde se pode obter información adicional sobre o investimento previsto e, en particular, o folleto e os informes anual e semestral e a lingua en que esta información estea á disposición dos investidores.

O dito documento redactarase de forma concisa, en linguaxe non técnica, e presentarase nun formato común que permita efectuar comparacións, e de forma facilmente analizable e comprensible polo investidor medio co fin de que estea en condicións razoables de comprender as características esenciais, a natureza e os riscos do produto de investimento que se lle ofrece e de adoptar decisións de investimento fundadas sen necesidade de recorrer a outros documentos.

Os datos fundamentais para o investidor consideraranse información precontractual. Serán imparciais, claros e non enganosos. Deberán gardar coherencia coas correspondentes partes do folleto.

Non se incorrerá en responsabilidade civil como consecuencia só dos datos fundamentais para o investidor, ou da súa posible tradución, a non ser que sexan enganosos, inexactos ou incoherentes en relación coas correspondentes partes do folleto. No documento cos datos fundamentais para o investidor incluírase unha advertencia clara respecto diso.

O documento deberá estar permanentemente actualizado, e deberase remitir á CNMV toda modificación del.

4. O informe anual deberá conter as contas anuais, o informe de xestión, o informe de auditoría de contas correspondente e as demais informacións que se determinen regulamentariamente, co obxecto de incluír a información significativa que lle permita ao investidor formular, con coñecemento de causa, un xuízo sobre a evolución da actividade e os resultados da institución.

5. Os informes trimestral e semestral conterán informacións sobre o estado do patrimonio, número de participacións e accións en circulación, valor liquidativo por participación ou acción, carteira de títulos, movementos habidos nos activos da institución, cadro comparativo relativo ao tres últimos exercicios e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

6. A CNMV establecerá os modelos normalizados de toda a documentación a que se refire este artigo.

A CNMV manterá un rexistro de folletos, documentos cos datos fundamentais para o investidor, informes anuais, semestrais e trimestrais das IIC, ao cal o público terá libre acceso.

Todos os documentos citados nos puntos anteriores, simultaneamente á súa difusión entre o público, serán remitidos á CNMV co obxectivo de manter actualizados os rexistros a que fai referencia o parágrafo anterior. No caso do folleto e do documento cos datos fundamentais para o investidor, a súa difusión requirirá o rexistro previo pola CNMV de conformidade co disposto no artigo 10.6. desta lei. No caso dos fondos, o rexistro do folleto requirirá a súa verificación previa pola CNMV.

As obrigas que derivan do segundo e terceiro parágrafo deste punto aplicaranse tamén respecto das sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2009/65/CE, que leven a cabo a actividade de xestión dunha IIC autorizada en España.

7. En calquera caso, os informes trimestrais deberán conter a totalidade dos gastos do fondo ou, de ser o caso, da sociedade, expresados en termos de porcentaxe sobre o patrimonio do fondo ou, de ser o caso, sobre o capital da sociedade. Corresponderá á CNMV determinar as partidas que deban integrar os ditos gastos.»

Vinte e dous. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 18 pasan a ter a seguinte redacción:

«1. Con antelación suficiente á subscrición das participacións ou accións deberase entregar gratuitamente o último informe semestral e o documento cos datos fundamentais para o investidor aos subscritores e, logo de solicitude, o folleto e os últimos informes anual e trimestral publicados.

O folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor poderanse facilitar nun soporte duradeiro ou a través da páxina web da sociedade de investimento ou da sociedade de xestión. Logo de solicitude, entregaráselles gratuitamente aos investidores un exemplar en papel dos ditos documentos.

Para os efectos do sinalado no anterior parágrafo, considérase soporte duradeiro todo instrumento que lle permita ao investidor almacenar a información dirixida a el persoalmente, de xeito que o dito investidor poida acceder a ela posteriormente para consulta durante un período de tempo adecuado para os fins a que a información estea destinada e que permita a reprodución sen cambios.

Na páxina web da sociedade de investimento ou da sociedade de xestión publicarase unha versión actualizada dos documentos previstos neste punto.

2. Os informes anual e semestral remitiranse gratuítamente e periodicamente aos partícipes e accionistas, salvo que expresamente renuncien a iso. Ademais, as IIC remitirán gratuítamente e periodicamente un informe trimestral aos partícipes e accionistas que expresamente o soliciten. Cando o partícipe ou accionista expresamente o solicite, os ditos informes remitiráselle por medios telemáticos.

Así mesmo, todos estes documentos se porán á disposición do público nos lugares que indiquen o folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor.

3. Toda publicidade que conteña unha invitación a comprar participacións ou accións dunha IIC deberá indicar a existencia do folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor previstos neste capítulo e os lugares e a forma en que o público pode obtelos ou ter acceso a eles.

Esta publicidade non poderá contradicir ou restar importancia á información contida no folleto e no documento cos datos fundamentais para o investidor.»

Vinte e tres. Insírese un novo punto 1 bis ao artigo 18:

«1 bis. As IIC proporcionarán o documento cos datos fundamentais para o investidor aos intermediarios que vendan ou asesoren os investidores sobre posibles investimentos nesas IIC ou en produtos que comporten risco fronte a esas IIC, cando aqueles o soliciten. En todo caso, os intermediarios cumprirán coa obriga sinalada no primeiro parágrafo do punto 1 anterior.»

Vinte e catro. O punto 1 do artigo 20 redáctase da seguinte forma:

«1. En desenvolvemento das normas contables recollidas no Código de comercio, a Lei de sociedades de capital e o Plan Xeral de Contabilidade, correspóndelles ao ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, á CNMV, e co informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, aprobar as normas específicas da contabilidade das IIC, así como os criterios de valoración e de determinación do patrimonio e dos resultados.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo artigo 22 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Comunicacións a partícipes e accionistas.*

As comunicacións que se deberán realizar aos partícipes e accionistas cando sexan exixidas pola lei ou a súa normativa de desenvolvemento poderanse efectuar por medios telemáticos, cando así o elixa expresamente o investidor.»

Vinte e seis. O punto 3 do artigo 24 queda redactado como segue:

«3. No caso de IIC de carácter societario, a disolución e liquidación axustaranse ao Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, coas excepcións que se establezan nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Vinte e sete. O artigo 25 queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Transformación.*

1. As IIC só se poderán transformar noutras IIC que pertencen á mesma clase. No entanto, as IIC autorizadas de acordo coa Directiva 2009/65/CE non se poderán transformar noutras IIC.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, todas as sociedades de investimento acollidas ao estatuto das IIC se poderán transformar en sociedades que non posúan ese estatuto sen necesidade de autorización previa da CMMV. As sociedades anónimas poderanse transformar en sociedades de investimento.

3. As operacións de transformación estarán suxeitas aos requisitos seguintes:

a) Autorización administrativa previa da CNMV de acordo co procedemento previsto no artigo 10 desta lei.

b) Acreditación, no momento da transformación, de que se reúnen as condicións específicas fixadas para a clase de IIC resultante, salvo as condicións para as cales esta lei e a súa normativa de desenvolvemento establezan un prazo contado desde a inscrición no correspondente rexistro administrativo.

c) Reforma dos estatutos sociais ou do regulamento de xestión, deixando constancia da operación no rexistro da CNMV correspondente e, tratándose de sociedades, previamente no rexistro mercantil.

d) Comunicación aos partícipes do acordo de transformación cando se trate de fondos, para que, de ser o caso, exerzan os dereitos de separación que lles correspondan.

Cando se trate de sociedades, o acordo de transformación deberase publicar ben na páxina web da sociedade ou da súa sociedade xestora, ou ben en dous xornais de gran circulación na provincia respectiva, ou deberase comunicar por escrito a todos os socios a través dun procedemento que asegure a recepción daquel no domicilio que figure na documentación da sociedade. O acordo de transformación reflectirá a alternativa adoptada. O rexistrador mercantil remitirá, de oficio, de forma telemática e sen ningún custo adicional, o acordo inscrito para a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

e) Presentación na CNMV do informe de auditoría dos estados financeiros que servisen para acordar a transformación, pechados con data non anterior a tres meses desde a adopción do acordo de transformación. Este requisito non será de aplicación cando a entidade que se transforme sexa unha IIC.»

Vinte e oito. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. *Fusión.*

1. As operacións de fusión someteranse ao procedemento de autorización previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As IIC unicamente se poderán fusionar cando pertencen á mesma clase.

A fusión poderá ser tanto por absorción como por creación dunha nova institución nos termos e coas excepcións que se determinen regulamentariamente.

3. No caso de sociedades de investimento, os procesos de fusión axustaranse ao disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, no que non estea disposto por esta lei e pola súa normativa de desenvolvemento.

O procedemento de fusión iniciárase logo de acordo do proxecto común de fusión polos administradores de cada unha das sociedades que participen na fusión, o cal, xunto ao resto de información que se determine regulamentariamente, deberán facilitar á CNMV para a súa autorización. A dita autorización solicitarase á CNMV unha vez que a fusión fose acordada polo Consello de Administración e antes do depósito do proxecto de fusión no rexistro mercantil.

A autorización, xunto con información adecuada e exacta sobre a fusión prevista que se determinará regulamentariamente, deberá ser obxecto de comunicación aos accionistas de todas as sociedades afectadas con posterioridade ao depósito do proxecto de fusión no rexistro mercantil, a través dun procedemento que asegure a recepción daquel no domicilio que figure na documentación da sociedade.

A fusión deberá ser acordada necesariamente pola xunta de socios de cada unha das sociedades que participen nela, unha vez que a CNMV autorice a fusión.

A ecuación de troco definitiva determinarase sobre a base dos valores liquidativos e número de accións en circulación do día anterior ao do outorgamento da escritura pública de fusión.

Reglamentariamente desenvolverase o contido do proxecto de fusión.

4. No caso de fondos de investimento, o procedemento de fusión iniciárase logo de acordo da sociedade xestora ou, de ser o caso, das sociedades xestoras, das institucións que pretendan fusionarse. O proxecto de fusión, xunto ao resto de información que se determine regulamentariamente, presentarase ante a CNMV para a súa autorización. A autorización do proceso de fusión terá a consideración de feito relevante e deberá ser obxecto de publicación no *Boletín Oficial del Estado* e en dous xornais de ámbito nacional ou na páxina web das súas respectivas xestoras ou de entidades dos seus respectivos grupos, durante o prazo mínimo dun mes. Así mesmo, a autorización, xunto coa información adecuada e exacta sobre a fusión prevista que se determinará regulamentariamente, deberá ser obxecto de comunicación aos partícipes de todos os fondos afectados.

Transcorridos polo menos corenta días desde a data dos anuncios ou desde a remisión da notificación individualizada, se esta for posterior, a sociedade xestora ou, de ser o caso, as sociedades xestoras, e o depositario ou, de ser o caso, os depositarios dos fondos executarán a fusión mediante o outorgamento do correspondente documento contractual e a súa inscrición no correspondente rexistro da CNMV. A ecuación de troco determinarase sobre a base dos valores liquidativos e número de participacións en circulación ao peche do día anterior ao do outorgamento da escritura ou, de non se producir aquela, ao do outorgamento do documento contractual. Os estados financeiros que se incorporen á escritura

ou, de ser o caso, ao documento contractual, serán aprobados por persoa debidamente facultada da sociedade xestora e do depositario.

Desenvolverase regulamentariamente o contido do proxecto de fusión.

5. No caso de fusión entre IIC de distinta natureza xurídica, o procedemento será conforme o disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento en canto ao fondo ou compartimento ou fondos ou compartimentos que se fusionen e ao disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, en relación coa sociedade ou sociedades que se fusionen, coas excepcións que se establezan nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Vinte e nove. Dáse unha nova redacción ao punto 2 do artigo 27:

«2. As escisións a que se refire este precepto deberán cumprir, como mínimo, os requisitos establecidos no artigo 25.3, ademais do de presentación do correspondente proxecto de escisión. Así mesmo, no caso das sociedades de investimento, aplicaranse as disposicións contidas na Lei 3/2009, do 3 de abril.»

Trinta. Modifícase o punto 2 do artigo 28, coa seguinte redacción:

«2. Para iniciar o traspaso o partícipe ou accionista deberá dirixirse, segundo proceda, á sociedade xestora, comercializadora ou de investimento, de destino, á cal ordenará por escrito a realización das xestións necesarias. Se a receptora da solicitude for a comercializadora, esta deberá trasladar inmediatamente a solicitude de traspaso á sociedade xestora ou de investimento de destino (en diante, a sociedade de destino). En todo caso, recibida a solicitude de traspaso, a sociedade de destino deberá comunicar á sociedade xestora, comercializadora ou de investimento de orixe (en diante sociedade de orixe), no prazo máximo dun día hábil desde que conste no seu poder, a solicitude debidamente cuberta con indicación, polo menos, da denominación da IIC de destino e, de ser o caso, do compartimento, os datos identificativos da conta da IIC á cal se debe realizar o traspaso, do seu depositario, de ser o caso, da súa sociedade xestora, e da IIC de orixe, e, de ser o caso, do compartimento.

A sociedade de orixe disporá dun máximo de dous días hábiles desde a recepción da solicitude para realizar as comprobacións que xulgue necesarias.

Tanto o traspaso de efectivo como a transmisión por parte da sociedade de orixe á sociedade de destino de toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso se deberán realizar, a partir do terceiro día hábil desde a recepción da solicitude, nos prazos regulamentariamente establecidos para o pagamento dos reembolsos ou para o alleamento de accións. En todo caso, o traspaso de efectivo deberase realizar mediante transferencia bancaria, ordenada pola sociedade de orixe ao seu depositario ou, de ser o caso, comercializador, desde a conta da IIC de orixe á conta da IIC de destino.

A sociedade de destino conservará a documentación derivada dos anteriores actos e obrigas á disposición da sociedade de orixe, dos órganos de supervisión correspondentes, de ser o caso, dos depositarios de orixe e destino e das autoridades tributarias competentes.»

Trinta e un. A letra a) do artigo 30.1 queda redactada da seguinte forma:

«a) Valores negociables e instrumentos financeiros, dos previstos no artigo 2, primeiro inciso, e alínea a) do segundo inciso, da Lei do mercado de valores, admitidos a cotización en bolsas de valores ou noutros mercados ou sistemas organizados de negociación, calquera que sexa o Estado en que estean radicados, sempre que, en todo caso, se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que se trate de mercados que teñan un funcionamento regular.

2.º Que ofrezan unha protección equivalente aos mercados oficiais radicados en territorio español.

3.º Que dispoñan de regras de funcionamento, transparencia, acceso e admisión a negociación similares ás dos mercados secundarios oficiais.

As sociedades xestoras e as sociedades de investimento deberán asegurarse, con anterioridade ao inicio dos investimentos, que os mercados en que pretendan investir cumpren tales requisitos e recoller no folleto explicativo da IIC e no documento cos datos fundamentais para o investidor unha indicación sobre os mercados en que se vai investir.»

Trinta e dous. As letras c) e d) do artigo 30.1 quedan redactadas como segue:

«c) Accións e participacións doutras IIC autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, sempre que o regulamento, os estatutos, ou alternativamente o folleto da IIC cuxas participacións ou accións se prevexa adquirir, non autoricen a investir máis dun 10 por cento do activo da institución en participacións ou accións doutras IIC.

d) Accións e participacións doutras IIC non autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, sempre que estas últimas non teñan por finalidade investir, pola súa vez, noutras IIC, e sempre que cumpran os seguintes requisitos: que o regulamento dos fondos ou alternativamente o folleto da IIC cuxas participacións ou accións se prevexa adquirir non autoricen a investir máis dun 10 por cento do activo da institución en participacións ou accións doutras IIC; que a sociedade xestora ou, de ser o caso, a sociedade de investimento estean suxeitas a unha supervisión que as autoridades europeas competentes consideren equivalente á que establece o dereito da Unión Europea e que asegure a cooperación entre as autoridades; que o nivel de protección dos seus partícipes e accionistas sexa equivalente ao establecido nesta lei en virtude do que a CNMV determine; e que se informe da súa actividade empresarial nun informe semestral e outro anual para permitir a avaliación dos activos e pasivos, ingresos e operacións durante o período obxecto da información.»

Trinta e tres. Dáse a seguinte redacción á letra f) do artigo 30.1:

«f) Instrumentos financeiros derivados negociados nun mercado ou sistema de negociación que cumpra os requisitos sinalados na alínea a) anterior sempre que o activo subxacente consista en activos ou instrumentos dos mencionados nesta alínea, índices financeiros, tipos de xuro, tipos de cambio ou divisas, nos cales a IIC de carácter financeiro poida investir segundo a súa política de investimento declarada no folleto e no documento cos datos fundamentais para o investidor.»

Trinta e catro. O punto 6 do artigo 30 queda redactado do seguinte modo:

«6. Os valores e outros activos que integren a carteira non se poderán peñar nin constituír garantía de ningunha clase, salvo para servir de garantía nas operacións que a institución realice:

a) Nos mercados secundarios oficiais.

b) Nos mercados non organizados de derivados, por un importe non superior á liquidación diaria de perdas e ganancias xeradas como consecuencia dos cambios na valoración dos ditos instrumentos, sempre que estean amparados polos acordos de compensación contractual e garantías financeiras regulados no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública.

De ser o caso, os valores e activos que integren a carteira deberán estar depositados baixo a custodia dos depositarios regulados nesta lei. No entanto, os valores e outros activos que integren a carteira das IIC de carácter financeiro poderán ser obxecto de operacións de préstamo de valores cos límites e garantías que estableza o ministro de Economía e Facenda.»

Trinta e cinco. Os puntos 8 e 9 do artigo 32 redáctanse do seguinte modo:

«8. A adquisición pola sociedade das súas accións propias, entre o capital inicial e o capital estatutario máximo, non estará suxeita ás limitacións establecidas sobre adquisición derivativa de accións propias na Lei de sociedades de capital. Por baixo do dito capital mínimo poderá adquirir accións cos límites e condicións establecidos na citada Lei de sociedades de capital.

9. A sociedade poderá pór en circulación accións a prezo inferior ao seu valor nominal, e non será aplicable a este respecto o disposto na Lei de sociedades de capital.

Os accionistas da sociedade non gozarán, en ningún caso, do dereito preferente de subscripción na emisión ou posta en circulación das novas accións.

Quedan prohibidas as remuneracións ou vantaxes dos fundadores e promotores reguladas na Lei de sociedades de capital.»

Trinta e seis. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 40 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As SXIIC son sociedades anónimas cuxo obxecto social consistirá na administración, representación, xestión dos investimentos e xestión das subscripcións e reembolsos dos fondos e sociedades de investimento.

Ademais, as sociedades xestoras poderán ser autorizadas para realizar as seguintes actividades:

a) Xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimentos, incluídas as pertencentes a fondos de pensións, en virtude dun mandato outorgado polos investidores ou persoa legalmente autorizada, sempre que tales carteiras inclúan un ou varios dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei do mercado de valores.

b) Administración, representación, xestión e comercialización de entidades de capital risco, nos termos establecidos pola Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras.

2. Non obstante o disposto no punto 1 deste artigo, as sociedades xestoras poderán ser autorizadas, ademais, para realizar as seguintes actividades complementarias:

a) Asesoramento sobre investimentos nun ou varios dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei do mercado de valores.

b) Custodia e administración das participacións dos fondos de investimento e, de ser o caso, das accións das sociedades de investimento.

En todo caso, a autorización para realizar as actividades deste punto estará condicionada a que a sociedade xestora conte coa autorización preceptiva para prestar os servizos mencionados na alínea a) do punto 1 anterior.

3. As sociedades xestoras poderán comercializar accións ou participacións de IIC. Esta actividade adicional poderá ser realizada directamente ou mediante axentes ou apoderados nas condicións que regulamentariamente se determinen, así como mediante entidades autorizadas para a prestación de servizos de investimento. As participacións de fondos de investimento comercializadas mediante entidades autorizadas para a prestación de servizos de investimento ou a través doutras sociedades xestoras deberán figurar no rexistro de partícipes da sociedade xestora a nome do partícipe, identificado polo menos polo seu número

de identificación fiscal e polo comercializador a través do que adquirise as ditas participacións. Cada comercializador deberá levar un rexistro identificativo dos partícipes que subscribisen participacións a través del.

Regulamentariamente poderase establecer que, de forma alternativa ao sistema de identificación sinalado no parágrafo anterior para os fondos de investimento, se encomende o mantemento do rexistro centralizado de partícipes a unha terceira entidade nos termos que se determinen regulamentariamente e conforme as condicións establecidas para a delegación de funcións nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

As subscricións ou adquisicións de participacións ou accións deberanse efectuar obrigatoriamente mediante cheque nominativo librado a favor da IIC, transferencia bancaria a favor dela ou mediante entrega de efectivo directamente pola persoa interesada ao depositario, para o seu posterior aboamento na conta do fondo ou da sociedade.»

Trinta e sete. O artigo 41 queda redactado como segue:

«Artigo 41. *Autorización e rexistro.*

1. Corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda, por proposta da CNMV, autorizar, con carácter previo, a creación de SXIC. Unha vez constituídas, para dar comezo á súa actividade deberán inscribirse no rexistro mercantil e no correspondente rexistro da CNMV.

A CNMV notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados cada autorización concedida.

2. A solicitude de autorización deberá ir acompañada dos documentos que se establezan, entre os cales figurarán necesariamente o proxecto de estatutos e unha memoria en que se describirá con detalle a estrutura organizativa da sociedade, a relación de actividades que se van desenvolver e os medios técnicos e humanos de que disporá, relación daqueles que exercerán cargos de administración ou dirección na entidade, así como a acreditación da súa honorabilidade e profesionalidade, a identidade dos accionistas, xa sexan directos ou indirectos, persoas físicas ou xurídicas, que posúan unha participación significativa na sociedade e o importe dela e, en xeral, cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste capítulo.

3. Deberá ser obxecto de consulta previa coa autoridade supervisora do correspondente Estado membro da Unión Europea a autorización dunha sociedade xestora cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a sociedade xestora sexa filial doutra sociedade xestora, empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

b) Que a sociedade xestora sexa filial da empresa matriz doutra sociedade xestora, empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

c) Que estea baixo o control das mesmas persoas físicas ou xurídicas que outra sociedade xestora, empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou entidade aseguradora autorizada noutro Estado membro.

4. A autorización deberase notificar dentro dos seis meses seguintes á recepción da solicitude, ou ao momento en que se complete a documentación exigible. Se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude por silencio administrativo, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No caso de creación de SXIIC que vaian estar controladas, de forma directa ou indirecta, por unha ou varias empresas autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea, deberá suspenderse a concesión da autorización pedida, denegarse ou limitarse os seus efectos cando fose notificada a España unha decisión adoptada pola Unión Europea respecto de que as SXIIC comunitarias non se benefician no dito Estado dun trato que ofrezca as mesmas condicións de competencia que ás súas entidades nacionais, e que non se cumpren as condicións de acceso efectivo ao mercado.

6. A autorización a que se refire este artigo caducará se transcorrido o prazo dun ano, contado desde o día seguinte ao da data de notificación da resolución administrativa pola que se concede a autorización, os promotores da SXIIC non solicitaron a súa inscrición no correspondente rexistro da CNMV.»

Trinta e oito. Engádesse unha letra d) ao artigo 42:

«d) A existencia de graves conflitos de interese entre os cargos, responsabilidades ou funcións desempeñados polos membros do consello de administración da SXIIC e outros cargos, responsabilidades ou funcións que exerzan de forma simultánea.»

Trinta e nove. O punto 1 do artigo 43 queda redactado como segue:

«1. As sociedades xestoras deberán reunir os seguintes requisitos para obter e conservar a autorización:

a) Revestir a forma de sociedade anónima, constituída por tempo indefinido, e que as accións integrantes do capital social teñan carácter nominativo.

b) Ter por obxecto social exclusivo o previsto no artigo 40 desta lei. Con carácter principal, deberán realizar as actividades recollidas no primeiro parágrafo do artigo 40.1, sen prexuízo de que poidan ser autorizadas para realizar o resto das actividades previstas no dito artigo.

c) Que o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, estea situado en territorio español.

d) Que, cando se trate dunha entidade de nova creación, se constitúa polo procedemento de fundación simultánea e que os seus fundadores non reserven para si vantaxes ou remuneracións especiais de ningunha clase.

e) Dispor do capital social mínimo que se estableza regulamentariamente, totalmente desembolsado en efectivo e posteriormente cos niveis de recursos propios que se exixan, proporcionados ao valor real dos patrimonios que administren.

f) Que conte cun consello de administración formado por non menos de tres membros.

g) Que se comunique a identidade de todos os accionistas, directos ou indirectos, persoas físicas ou xurídicas, que posúan unha participación significativa na sociedade, e o importe da devandita participación.

h) Que aqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección na sociedade contén cos requisitos de honorabilidade establecidos na alínea c) do punto 2 do artigo 11 desta lei e que a maioría dos membros do seu consello de administración, ou das súas comisións executivas, así como todos os conselleiros delegados e directores xerais e asimilados, contén cos requisitos de cofecemento e experiencia establecidos na alínea d) do punto 2 do artigo 11 desta lei, atendendo ao carácter da IIC e aos tipos de carteiras que a sociedade de xestión pretenda xestionar.

i) Que conte cunha boa organización administrativa e contable, así como con medios humanos e técnicos adecuados, en relación co seu obxecto.

j) Que conte con procedementos e mecanismos de control interno adecuados que garantan a xestión correcta e prudente da sociedade, incluíndo procedementos

de xestión de riscos, así como mecanismos de control e de seguridade no ámbito informático e órganos e procedementos para a prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, un réxime de operacións vinculadas e un regulamento interno de conduta. A sociedade xestora deberá estar estruturada e organizada de modo que se reduza ao mínimo o risco de que os intereses das IIC ou dos clientes se vexan prexudicados por conflitos de intereses entre a sociedade e os seus clientes, entre clientes, entre un dos seus clientes e unha IIC ou entre dúas IIC.

k) Que presentase documentación adecuada sobre as condicións e os servizos, funcións ou actividades que vaian ser subcontratadas ou externalizadas, de forma que se poida verificar que este feito non desnaturaliza ou deixa sen contido a autorización solicitada.»

Corenta. A letra d) do punto 2 do artigo 44 queda redactada como segue:

«d) As ampliacións e reducións de capital.»

Corenta e un. A letra a) do punto 7 do artigo 45 queda redactada como segue:

«a) En todo caso, e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, no entanto, chegasen a exercerse, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto na Lei de sociedades de capital, e a CNMV estará lexitimada para o efecto.»

Corenta e dous. Engádesse unha nova letra e) ao punto 1 do artigo 46:

«e) Emitir os certificados das participacións nos fondos de investimento que estean representadas a través dos ditos títulos. Así mesmo, poderán solicitar ás entidades encargadas dos rexistros contables, por conta e en nome dos partícipes, a expedición dos certificados a que alude o artigo 12 da Lei do mercado de valores, cando se trate de participacións representadas mediante anotacións en conta. O anterior non será aplicable no caso de que no rexistro de partícipes da sociedade xestora as participacións figuren a nome do partícipe, identificado tan só polo seu número de identificación fiscal e polo comercializador a través do que adquirise as ditas participacións, de acordo co establecido no artigo 40.3 desta lei, caso en que será a entidade comercializadora a que deba emitir os certificados correspondentes a cada un dos partícipes. Neste caso, a sociedade xestora emitirá, para cada entidade comercializadora, un certificado das participacións canalizadas a través desta última.»

Corenta e tres. Engádesse un punto 3 ao artigo 48 co seguinte teor literal:

«3. As sociedades xestoras que xestionen fondos e sociedades establecidos noutro Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2009/65/CE estarán obrigadas a atender e resolver as queixas ou reclamacións na lingua ou nunha das linguas oficiais do Estado membro de orixe do fondo ou sociedade.»

Corenta e catro. Os puntos 1 e 2 do artigo 49 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A autorización concedida a unha SXIIC ou a unha sucursal dunha entidade con domicilio en Estado non membro da UE poderase revogar nos seguintes supostos:

a) Se non fai uso da autorización dentro dos doce meses seguintes á data da súa notificación.

b) Se renuncia expresamente á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución.

- c) Se interrompe, de feito, a xestión de IIC autorizadas durante un período superior a seis meses.
- d) Se durante un ano realiza un volume de actividade inferior ao que regulamentariamente se determine.
- e) Se incumpre de forma sobrevida calquera dos requisitos para a obtención da autorización e para exercer a actividade segundo o previsto nesta lei. No entanto, no caso de que os recursos propios dunha sociedade xestora descendan por baixo dos límites fixados, a CNMV poderá, de maneira excepcional e de forma motivada, conceder un prazo non superior a seis meses para que se corrixa a situación ou cesen as actividades da sociedade xestora.
- f) Cando se dea o suposto previsto no artigo 45.10 desta lei ou se infrinxan de maneira grave ou sistemática as disposicións previstas nesta lei ou no resto de normas que regulen o réxime xurídico das sociedades xestoras das IIC.
- g) Como sanción, segundo o previsto no título VI desta lei.
- h) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas na Lei de sociedades de capital.
- i) Se se obtívese a autorización en virtude de declaracións falsas, omisións ou por outro medio irregular.
- j) Se se acorda a apertura dun procedemento concursal.
- k) O incumprimento grave e sistemático das obrigas en relación cos rexistros.
- l) O incumprimento durante tres meses das obrigas co Fondo de Garantía de Investimentos previsto no título VI da Lei do mercado de valores.
- m) Cando o informe de auditoría das contas anuais se emitise con opinión denegada.

2. Toda autorización revogada a unha sociedade xestora española que realice calquera actuación transfronteiriza de conformidade co previsto no artigo 54 desta lei deberá ser notificada ás autoridades competentes do Estado membro de acollida.

Cando a sociedade de xestión leve a cabo as funcións de administración, representación, xestión dos investimentos e xestión das subscricións e reembolsos de IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea en virtude da Directiva 2009/65/CE, a CNMV consultará coas autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC antes de retirar a autorización.»

Corenta e cinco. O artigo 50 queda redactado co seguinte teor:

«Artigo 50. *Procedemento de revogación.*

1. A revogación da autorización axustarase ao procedemento común previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades seguintes:

- a) O acordo de iniciación e a instrución corresponderá á CNMV, que poderá adoptar as medidas provisionais que considere necesarias, tales como a encomenda da xestión das IIC xestionadas a outra SXIIC.
- b) A resolución do expediente corresponderá ao ministro de Economía e Facenda por proposta da CNMV, ou directamente a este organismo no suposto previsto na alínea b) do punto 1 do artigo anterior.
- c) O prazo de resolución do expediente será de seis meses.

2. Non obstante, cando a causa de revogación que concorra sexa algunha das previstas nas alíneas a), b) ou c) do artigo anterior, abondará con dar audiencia á entidade interesada. Nos casos previstos na alínea g) deberánse seguir os procedementos específicos previstos nesta lei.

3. A resolución que acorde a revogación será inmediatamente executiva. Unha vez notificada, a sociedade xestora non poderá realizar novas actuacións relacionadas co seu obxecto social. A resolución deberase inscribir no Rexistro Mercantil e no rexistro da CNMV. Así mesmo, publicarase no *Boletín Oficial del Estado*, e desde entón producirá efectos fronte a terceiros.

4. O ministro de Economía e Facenda poderá acordar, por proposta da CNMV, que a revogación comporte a disolución forzosa da entidade. Nestes supostos, a CNMV poderá, para a protección dos investidores, acordar todas as medidas cautelares que se consideren pertinentes e, en especial:

a) Acordar o traspaso a outra sociedade da xestión do efectivo, os valores negociables e demais instrumentos financeiros, bens e dereitos xestionados.

b) Nomear os liquidadores.

c) Exixirlles algunha garantía específica aos socios ou aos liquidadores designados pola sociedade.

d) Intervir as operacións de liquidación. Se en virtude do previsto neste precepto, ou noutros desta lei, houberse que nomear liquidadores ou interventores da operación de liquidación, será de aplicación o recollido no capítulo III do título VI desta lei.

5. Cando unha sociedade xestora acorde a súa disolución por algunha das causas previstas na Lei de sociedades de capital, entenderase revogada a autorización e a CNMV poderá acordar, para a súa ordenada liquidación, calquera das medidas sinaladas no punto 4 deste artigo.

6. A revogación da autorización concedida a unha sociedade xestora con domicilio nun Estado non membro da Unión Europea suporá, de ser o caso, a revogación da autorización da sucursal operante en España.

7. A revogación da autorización concedida a unha sociedade xestora con domicilio nun Estado membro da Unión Europea suporá a adopción inmediata por parte da CNMV das medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades en España e se salvagarden os intereses dos investidores, así como, de ser o caso, a adopción en colaboración coa autoridade supervisora competente, e sen prexuízo das súas facultades, das previsións correspondentes para ordenar a súa liquidación.»

Corenta e seis. O artigo 51 queda redactado como segue:

«Artigo 51. *Suspensión.*

Cando concorra algún dos supostos previstos no artigo seguinte, a CNMV poderá suspender, con carácter total ou parcial, os efectos da autorización concedida a unha SXIIC. Cando a súa suspensión sexa parcial, afectará algunhas das actividades ou o alcance con que estas se autorizaron. No acto de suspensión poderanse acordar as medidas cautelares que se consideren pertinentes.»

Corenta e sete. O punto 1 do artigo 52 queda redactado como segue:

«1. A suspensión a que se refire o artigo anterior poderase acordar cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Apertura dun expediente sancionador por infracción grave ou moi grave.

b) Cando se dea algunha das causas previstas nas alíneas e), f), g), ou i) do artigo 49.1 desta lei, en canto se substancie o procedemento de revogación.

c) Cando se dea o suposto previsto no artigo 45.7 desta lei.

d) Como sanción, segundo o previsto no título VI desta lei.

e) O incumprimento das obrigas en relación cos rexistros.

f) O incumprimento das obrigas co Fondo de Garantía de Investmentos.

g) O concurso da entidade.»

Corenta e oito. Engádese un novo artigo 53 bis.

«Artigo 53 bis. *Operacións societarias.*

A transformación, fusión, escisión e segregación dunha rama de actividade, así como as demais operacións de modificación social realizadas por unha SXIIC ou que conduzan á creación dunha SXIIC requirirán autorización previa, de acordo co procedemento establecido no capítulo II, coas adaptacións que regulamentariamente se sinalen, sen que en ningún caso a alteración social poida significar ningunha diminución dos requisitos que para a constitución das SXIIC estean establecidos legal ou regulamentariamente.»

Corenta e nove. O artigo 54 queda redactado como segue:

«Artigo 54. *Actuación transfronteiriza das sociedades xestoras autorizadas en España.*

1. As SXIIC autorizadas en España poderán exercer a actividade a que se refira a autorización noutros Estados membros da Unión Europea, xa sexa a través do establecemento dunha sucursal, xa sexa mediante a libre prestación de servizos, nos termos establecidos neste artigo.

Se tal SXIIC se limita a propor sen establecemento dunha sucursal a comercialización das accións e participacións dunha IIC que xestione e se atope autorizada en España, nun Estado membro da Unión Europea distinto de España, tal actividade estará suxeita só aos requisitos do artigo 16.

Neste caso, o escrito a que se refire o artigo 16 incluírá unha indicación de que a SXIIC que xestiona a IIC tamén comercializa a IIC.

2. Toda sociedade xestora autorizada en España que desexe establecer unha sucursal no territorio doutro Estado membro deberá notificalo á CNMV. Na notificación á CNMV deberase indicar:

- a) O Estado membro en cuxo territorio se propoña establecer a sucursal.
- b) O programa de funcionamento que estableza as actividades e servizos que se propoña realizar e a estrutura da organización da sucursal, que incluírá unha descrición do procedemento de xestión do risco establecido pola sociedade de xestión, e, se procede, dos procedementos e disposicións adoptados conforme o artigo 48.3 e o artigo 54.5 bis.
- c) O enderezo no Estado membro de acollida en que lle poidan ser requiridos os documentos.
- d) O nome dos directivos responsables da sucursal.

3. A CNMV deberá remitir toda a información achegada pola sociedade xestora á autoridade competente do Estado membro de acollida no prazo de dous meses a partir da recepción da totalidade da información exixible, salvo que teña razóns para dudar, visto o proxecto en cuestión, da adecuación das estruturas administrativas ou da situación financeira da sociedade de xestión, tendo en conta as actividades que esta se propoña exercer. Esta circunstancia deberá ser notificada á sociedade xestora no prazo de dous meses a partir da recepción da totalidade da información.

A CNMV comunicará á Comisión Europea e á Autoridade Europea de Valores e Mercados, anualmente, o número e a natureza dos casos en que non se remita a dita información.

En caso de modificación dalgún dos datos comunicados conforme o disposto nas alíneas b), c) e d) do punto anterior, a SXIIC comunicaralles por escrito a dita modificación á autoridade competente do Estado membro da Unión Europea de acollida da SXIIC e á CNMV, como mínimo un mes antes de facela efectiva, para que esta se poida pronunciar sobre ela de acordo co establecido neste artigo.

Xunto á información a que se refire o primeiro parágrafo, cando a SXIIC desexe desenvolver a actividade consistente na administración, representación, xestión dos investimentos e xestión das subscricións e reembolsos dos fondos e sociedades de investimento, a CNMV deberá tamén enviar á autoridade competente do Estado membro de acollida da sociedade de xestión un certificado acreditativo sinalando que esta foi autorizada conforme os requisitos establecidos na Directiva 2009/65/CE, unha descrición do alcance da autorización e os pormenores de calquera restrición respecto dos tipos de fondos ou sociedades que a sociedade de xestión está autorizada a xestionar.

A CNMV actualizará a información incluída no certificado a que se refire o parágrafo anterior e informará o Estado membro de acollida sempre que haxa unha modificación do alcance da autorización da sociedade de xestión ou dos pormenores relativos a calquera restrición respecto dos tipos de fondos ou sociedades que a sociedade de xestión está autorizada a xestionar.

4. Toda sociedade xestora autorizada en España que desexe exercer por primeira vez a súa actividade no territorio doutro Estado membro ao abeiro da libre prestación de servizos deberá notificalo á CNMV. Na notificación deberase indicar:

- a) O Estado membro en cuxo territorio se propoña operar.
- b) O programa de funcionamento en que se establezan as actividades e servizos que se propoña realizar, que incluírá unha descrición do procedemento de xestión do risco establecido pola sociedade de xestión, dos procedementos e disposicións adoptados conforme o punto 3 do artigo 48 e o punto 5 bis do artigo 54.

A CNMV deberá remitir toda a información achegada pola sociedade xestora á autoridade competente do Estado membro de acollida no prazo dun mes a partir da recepción da totalidade da información exigible. En caso de modificación do contido da información a que se refire a alínea b) anterior, a sociedade xestora comunicarlles por escrito a dita modificación á CNMV e á autoridade competente do Estado membro de acollida da SXIIC antes de facela efectiva.

Xunto á información a que refire o parágrafo anterior, cando a sociedade de xestión desexe desenvolver a actividade consistente na administración, representación, xestión dos investimentos e xestión das subscricións e reembolsos dos fondos e sociedades de investimento, a CNMV deberá tamén enviar á autoridade competente do Estado membro de acollida da sociedade de xestión un certificado acreditativo en que se sinala que esta foi autorizada conforme os requisitos establecidos na Directiva 2009/65/CE, unha descrición do alcance da autorización e os pormenores de calquera restrición respecto dos tipos de fondos ou sociedades que a sociedade de xestión está autorizada a xestionar.

A CNMV actualizará a información incluída no certificado a que se refire o parágrafo anterior e informará o Estado membro de acollida sempre que haxa unha modificación do alcance da autorización da sociedade de xestión ou dos pormenores relativos a calquera restrición respecto dos tipos de fondos ou sociedades que a sociedade de xestión está autorizada a xestionar.

4 bis. As sociedades xestoras autorizadas en España que exerzan a súa actividade no territorio doutro Estado membro no marco da libre prestación de servizos respectarán, en todo caso, as normas de conduta establecidas no título VI e na súa normativa de desenvolvemento.

5 bis. As sociedades xestoras que xestionen transfronteirizamente sociedades ou fondos de investimento, xa sexa establecendo unha sucursal ou ao abeiro da libre prestación de servizos, adoptarán procedementos e disposicións adecuados para pór información á disposición do público ou da autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC, cando o soliciten, así como para garantir o exercicio

dos dereitos por parte dos accionistas ou partícipes no Estado membro de orixe da IIC.

5 ter. A SXIIC deberá cumprir coas obrigas impostas polo Estado membro de acollida en virtude das súas competencias e remitir, por petición da autoridade competente do Estado membro de acollida, toda a información que este lle solicite en virtude das súas competencias.

Se as autoridades competentes do Estado membro de acollida da dita SXIIC comunican á CNMV a negativa da SXIIC a cumprir as mencionadas obrigas, a CNMV tomará, no prazo máis breve posible, todas as medidas necesarias previstas nas leis para que a sociedade de xestión cumpra coas referidas obrigas.

A CNMV informará as autoridades competentes do Estado membro de acollida da sociedade de xestión da natureza das medidas adoptadas.

5 quáter. A CNMV disporá dun prazo de dez días hábiles para responder á autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC cando esta solicite precisións e información respecto do acordo escrito co depositario que a SXIIC debe ter facilitado á autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC de acordo coa lexislación deste Estado, respecto da información sobre as modalidades de delegación en relación coas funcións de xestión de activos e de administración das IIC que a SXIIC debe ter facilitado á autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC de acordo coa lexislación deste e, sobre a base do certificado que a CNMV debe ter remitido á autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC de acordo co establecido neste artigo, acerca de se o tipo de IIC para o cal a SXIIC solicita autorización noutro Estado membro entra no ámbito da autorización outorgada á SXIIC.

5 quíntas. A CNMV poderá solicitar en calquera momento ás IIC autorizadas noutro Estado membro conforme a Directiva 2009/65/CE, e cuxa sociedade xestora fose autorizada en España, o seu folleto e as súas modificacións, así como os seus informes anual e semestral.

5 sexies. A CNMV comunicará sen demora ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC calquera problema detectado na sociedade de xestión que poida afectar materialmente a capacidade desta para cumprir adecuadamente as súas obrigas con respecto á IIC, así como calquera incumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

5 septies. CNMV será responsable de supervisar a adecuación das disposicións e a organización da sociedade co fin de que esta estea en condicións de cumprir as obrigas e as normas relativas á constitución e funcionamento de todas as IIC que xestiona.

6. As sociedades xestoras españolas que pretendan abrir unha sucursal ou prestar servizos sen sucursal nun Estado que non sexa membro da Unión Europea deberán obter previamente unha autorización da CNMV; os requisitos e o procedemento aplicables a este suposto determinaranse regulamentariamente.»

Cincuenta. O artigo 55 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 55. *Sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. As sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2009/65/CE poderán realizar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben en réxime de libre prestación de servizos, a actividade a que se refira a súa autorización nos termos establecidos neste artigo.

Se tal sociedade xestora se limita a propor sen establecemento dunha sucursal en España a comercialización das accións e participacións dunha IIC que xestione e se atope autorizada nun Estado membro da Unión Europea distinto de España, tal actividade estará suxeita só aos requisitos do artigo 15.

Neste caso, o escrito a que se refire o artigo 15 incluíra unha indicación de que a sociedade xestora que xestiona a IIC tamén comercializa a IIC.

2. En ningún caso se poderá condicionar o establecemento de sucursais ou a libre prestación de servizos á obriga de obter unha autorización adicional nin á de achegar un fondo de dotación ou calquera medida de efecto equivalente.

2 bis. Cando a sociedade de xestión desexa desenvolver en España a actividade consistente na administración, representación, xestión dos investimentos e xestión das subscricións e reembolsos dos fondos e sociedades de investimento incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2009/65/CE, mediante o establecemento dunha sucursal ou no marco da libre prestación de servizos, deberá respectar as normas relativas á constitución e ao funcionamento da IIC establecidas nos títulos I, II e III e nas súas normas de desenvolvemento.

En particular, deberá respectar as normas sobre a constitución e autorización das IIC; a emisión e reembolso de participacións e accións; as políticas de investimento e os seus límites, incluíndo o cálculo da exposición total e o apancamento; as restricións sobre o endebedamento, o préstamo de valores e as vendas ao descuberto; a valoración, contabilidade e o cálculo do valor liquidativo, así como os erros no seu cálculo e a compensación por eles; a distribución ou reinvestimento dos rendementos; os requisitos de información a partícipes, accionistas e ao público en xeral, incluído o folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor e os informes periódicos; as disposicións relativas á comercialización; a relación con partícipes e accionistas; a fusión, liquidación disolución, transformación, escisión e traspaso de participacións ou accións; o contido do rexistro de partícipes e accionistas; as taxas de autorización e supervisión e o exercicio dos dereitos dos accionistas e partícipes respecto dos aspectos anteriores, incluído o dereito de voto.

A CNMV será responsable de supervisar o cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

A sociedade xestora decidirá e será responsable de adoptar e aplicar todas as disposicións e decisións organizativas necesarias para garantir o cumprimento das normas relativas á constitución e funcionamento da IIC así como as obrigas establecidas nos seus documentos constitutivos.

As sociedades xestoras que realicen a actividade de xestión de IIC autorizadas en España estarán obrigadas a atender e resolver as queixas e reclamacións en castelán que os accionistas ou partícipes da dita IIC presenten.

As sociedades xestoras que realicen a actividade de xestión de IIC autorizadas en España establecerán procedementos e disposicións adecuados para pór información á disposición do público ou da CNMV, cando o soliciten, así como garantir o exercicio dos dereitos por parte dos accionistas ou partícipes no país de orixe da IIC.

3. A apertura en España de sucursais de sociedades xestoras autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea non requirirá autorización previa. Con todo, esta estará condicionada a que a CNMV reciba unha comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora, que conteña a información indicada nas alíneas a), b), c) e d) do punto 2 do artigo 54 desta lei.

Unha vez recibida a comunicación, a CNMV procederá a notificar a súa recepción á sociedade xestora, quen deberá inscribir a sucursal no rexistro mercantil e no rexistro correspondente da CNMV, e comunicará a esta a data do inicio efectivo das súas actividades.

As sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da UE que exerzan a súa actividade a través dunha sucursal en España respectarán en todo caso as normas de conduta establecidas no título VI e na súa normativa de desenvolvemento. A CNMV será responsable de supervisar o cumprimento destas disposicións.

Respecto das normas que sexan obxecto de supervisión por parte da CNMV, esta poderá fixar un prazo non superior a dous meses desde a recepción da comunicación para organizar a supervisión do seu cumprimento por parte da sociedade xestora.

A sucursal da sociedade xestora poderase establecer e comezar a exercer a súa actividade cando reciba comunicación por parte da CNMV, ou se transcorre o prazo de dous meses sen ningunha comunicación.

4. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados conforme o disposto nas alíneas a), b), c) e d) do punto 2 do artigo 54 anterior, a sociedade xestora comunicará por escrito a dita modificación á CNMV como mínimo no prazo dun mes antes de facer efectiva tal modificación.

5. A realización en España, por primeira vez, de actividades en réxime de libre prestación de servizos, por sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, poderá iniciarse unha vez que a CNMV recibise comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora, nos termos indicados no punto 4 do artigo 54 desta lei.

En caso de modificación do contido da información a que se refire a alínea b) do punto 4 do artigo 54 anterior, a sociedade xestora comunicará por escrito a dita modificación á CNMV antes de facela efectiva.

6. A CNMV poderá exixir ás sociedades xestoras que contén con sucursais en territorio español información periódica con fins estatísticos sobre as actividades que desenvolvan no dito territorio, así como calquera outra información que sexa necesaria para o cumprimento das súas obrigas de supervisión conforme esta lei. Doutra banda, poderalles exixir ás sociedades xestoras que actúen en territorio español en réxime de libre prestación de servizos a información necesaria para controlar o cumprimento por estas das normas que lles sexan aplicables en virtude desta lei e das súas normas de desenvolvemento.

7. As sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que pretendan realizar en España as actividades a que se refira a súa autorización en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a designar un representante con residencia fiscal en España para que as represente para efectos das obrigas tributarias que deban cumprir polas actividades que realicen en territorio español.

8. Cando a IIC estea autorizada en España, a CNMV comunicará sen demora ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora calquera problema detectado na IIC e que poida afectar materialmente a capacidade da sociedade xestora para cumprir adecuadamente as súas obrigas legais ou regulamentarias, que incidan no ámbito supervisor da CNMV.

9. As autoridades competentes das sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que leven a cabo a súa actividade en España mediante unha sucursal poderán, por si mesmas ou a través dos intermediarios que designen para ese efecto, e tras ser informada a CNMV, realizar verificacións in situ en España. A verificación estenderase a toda información relativa á xestión e á estrutura da propiedade das sociedades xestoras que poida facilitar a súa supervisión, así como toda información que poida facilitar o seu control.

O parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do dereito que asiste a CNMV de realizar verificacións in situ das sucursais establecidas en España, en cumprimento das responsabilidades que lle atribúen as leis.»

Cincuenta e un. O punto 1 do artigo 56 queda redactado como segue:

«1. Ás sociedades xestoras non comunitarias que pretendan abrir unha sucursal en España e ás comunitarias non sometidas á Directiva 2009/65/CE seralles de aplicación o procedemento de autorización previa previsto no capítulo II deste título coas adaptacións que se establezan regulamentariamente. Se pretenden prestar servizos sen sucursal deberán ser autorizadas na forma e

condicións que se fixen. En ambos os casos a autorización poderá ser denegada, ou condicionada, por motivos prudenciais, por non se lles dar un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe, ou por non quedar asegurado o cumprimento da normativa establecida nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, á cal se deberán axustar no seu funcionamento.»

Cincuenta e dous. O artigo 60 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 60. *Obrigas.*

Os depositarios de IIC deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Redactar o regulamento de xestión dos fondos de investimento e outorgar o documento de constitución, así como os de modificación ou liquidación. As ditas funcións deberán ser desenvolvidas de maneira conxunta coa sociedade xestora.

b) Asumir ante os partícipes ou accionistas a función de vixilancia da xestión realizada polas sociedades xestoras dos fondos de investimento ou polos administradores das sociedades de investimento. Para este fin, comprobaran especialmente que se respectan os límites aos investimentos e coeficientes previstos nesta lei.

c) Velar pola regularidade das subscricións de participacións cuxo neto aboaran na conta dos fondos.

d) Satisfacer, por conta dos fondos, os reembolsos de participacións, cuxo importe neto se cargará na conta do fondo. Para este fin, correspóndelle supervisar os criterios, fórmulas e procedementos utilizados pola sociedade xestora para o cálculo do valor liquidativo das participacións.

e) Velar polos pagamentos dos dividendos das accións e os beneficios das participacións en circulación, así como levar a termo as ordes de reinvestimento recibidas.

f) Levar a termo, de ser o caso, por conta das institucións, as operacións de compra e venda de valores, así como cobrar os xuros e dividendos devengados por eles.

g) Exercer as funcións de depósito ou administración de valores pertencentes ás IIC, responsabilizándose nos casos en que non as desenvolvan directamente. Desenvolveranse regulamentariamente as obrigas inherentes a esta función de custodia e as exixencias que deben satisfacer as entidades que realicen o depósito de valores estranxeiros das IIC.

h) Realizar calquera outra función que sirva para a mellor execución ou como complemento das funcións de custodia e vixilancia.»

Cincuenta e tres. Engádesse un novo artigo 60 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 60 bis. *Obriga adicional en caso de xestión transfronteiriza.*

No caso de que a sociedade de xestión fose autorizada noutro Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2009/65/CE, o depositario asinará un acordo por escrito coa sociedade de xestión que regule o fluxo de información necesaria para que o depositario desempeñe as obrigas e funcións previstas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Cincuenta e catro. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 62.1:

«O depositario está obrigado a remitir á CNMV, logo de solicitude, toda a información que el mesmo obtivese no exercicio das súas funcións e que a CNMV necesite para supervisar o cumprimento da normativa vixente por parte da IIC.»

Cincuenta e cinco. O artigo 65 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 65. *Normativa aplicable.*

1. As sociedades xestoras, as entidades depositarias e aquelas IIC que revistan a forma de sociedade e cuxa xestión integral non estea encomendada a unha sociedade xestora, así como quen desempeñe cargos de administración e dirección en todas elas, os seus empregados, axentes e apoderados, estarán suxeitos ás seguintes normas de conduta:

a) Ás previstas neste capítulo e ás contidas no título VII da Lei do mercado de valores, coas adaptacións e especificacións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, incluído o réxime sancionador para o incumprimento das ditas normas establecido no título VIII da mesma lei.

b) Ás ditadas en desenvolvemento dos preceptos a que se refire a alínea a) anterior, que aprobe o Goberno ou, con habilitación expresa deste, o ministro de Economía e Facenda.

c) Ás contidas nos regulamentos internos de conduta.

Estas normas serán tamén de aplicación á actividade de comercialización segundo se define esta no artigo 2.

2. Na súa actividade en España, as sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da UE quedarán suxeitas ao previsto no punto anterior cando exerzan esta a través dunha sucursal.

Na súa actividade transfronteiriza noutro Estado membro da UE, as SXIIC autorizadas en España quedarán suxeitas ao previsto no punto anterior cando exerzan esta no marco da libre prestación de servizos.»

Cincuenta e seis. As letras c) e d) do punto 1 do artigo 67 quedan redactadas da seguinte forma:

«c) Polas sociedades xestoras e os depositarios entre si cando afectan unha IIC respecto da cal actúan como xestora e depositario respectivamente, e as que se realizan entre as sociedades xestoras e quen desempeña nelas cargos de administración e dirección.

d) Polas sociedades xestoras, cando afectan unha IIC respecto da que actúa como xestora; polo depositario cando afectan unha IIC respecto da que actúa como depositario e polas sociedades de investimento, con calquera outra entidade que pertenza ao seu mesmo grupo, segundo se define no artigo 4 da Lei do mercado de valores.»

Cincuenta e sete. A letra a) do punto 3 do artigo 67 queda redactada da seguinte maneira:

«a) A sociedade xestora deberá dispor dun procedemento interno formal para asegurarse de que a operación vinculada se realiza en interese exclusivo da IIC e a prezos ou en condicións iguais ou mellores que os do mercado. A confirmación de que estes requisitos se cumpren deberá ser adoptada por unha unidade independente da sociedade xestora. O procedemento poderá prever sistemas simplificados de aprobación para operacións vinculadas repetitivas ou de escasa relevancia.»

Cincuenta e oito. O punto 4 do artigo 67 queda redactado como segue:

«4. Determinaranse regulamentariamente os requisitos exixibles ás operacións vinculadas que se leven a cabo entre as sociedades xestoras e quen desempeñe nelas cargos de administración e dirección.»

Cincuenta e nove. O artigo 68 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 68. *Separación do depositario.*

1. Ningunha entidade poderá ser depositaria de IIC xestionadas por unha sociedade pertencente ao seu mesmo grupo, nin de sociedades de investimento en que se dea a mesma circunstancia, salvo que a IIC ou, de ser o caso, a sociedade xestora dispoña dun procedemento específico que permita evitar conflitos de interese.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos exixidos de acordo co previsto no punto anterior corresponderalle a unha unidade independente da sociedade xestora ou da sociedade de investimento.

Para estes efectos, a unidade a que se encomende esta función elaborará, coa periodicidade que se determine regulamentariamente, un informe sobre o grao de cumprimento das exixencias previstas neste artigo que se deberá remitir á CNMV. No caso de que o informe reflectise excepcións sobre o correcto cumprimento de tales exixencias, deberase proceder á substitución do depositario por outro que non pertenza ao seu mesmo grupo nos termos previstos polo artigo 61.»

Sesenta. A letra b) do punto 1 do artigo 69 queda redactada como segue:

«b) As sociedades xestoras previstas no título IV desta lei e os seus axentes, estendéndose esta competencia a calquera oficina ou centro dentro ou fóra do territorio español.»

Sesenta e un. Engádese un artigo 70 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 70 bis. *Suspensión da emisión, reembolso ou recompra.*

A CNMV poderá exixir, en interese dos partícipes ou accionistas ou no interese público, a suspensión temporal da emisión, o reembolso ou a recompra das participacións ou accións das IIC autorizadas en España, cando non sexa posible a determinación do seu prezo ou concorra outra causa de forza maior.

Cando se trate dunha IIC autorizada en España que leve a cabo as actividades de comercialización transfronteiriza noutro Estado membro en virtude do artigo 16, ou sexa xestionada por unha sociedade xestora con domicilio social nun Estado membro da Unión Europea distinto de España, a CNMV comunicaralles a suspensión a que se refire o parágrafo anterior ás autoridades competentes dos ditos Estados membros.»

Sesenta e dous. O artigo 71 queda modificado da seguinte maneira:

«Artigo 71. *Supervisión de entidades doutros Estados membros.*

1. A CNMV poderá exixirlles ás entidades recollidas no artigo 55 que actúen en réxime de libre prestación de servizos, e ás súas sucursais, a información necesaria para verificar o cumprimento da normativa aplicable. Tamén lles poderá exixir información con fins meramente estatísticos.

2. Se a CNMV observa que as entidades recollidas no punto anterior incumpren as obrigas de información alí previstas, ou outras obrigas que se establezan nesta lei ou a súa normativa de desenvolvemento, exixiralles que poñan fin á situación irregular e informará as autoridades competentes do Estado membro de orixe das sociedades xestoras.

Se a sociedade xestora non adopta as medidas oportunas, a CNMV informará diso a autoridade competente do Estado de orixe. Se a sociedade xestora continúa realizando a conduta infractora a pesar, de ser o caso, das medidas que adoptase a autoridade competente do Estado de orixe, a CNMV, tras informar aquela autoridade, poderá adoptar as medidas oportunas de acordo co disposto neste título para evitar novas infraccións, incluído o exercicio da potestade sancionadora. Alternativamente, se a CNMV considera que a autoridade competente do Estado

membro de orixe da sociedade xestora non actuou correctamente, poderá sinalar o caso á atención da Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.

A CNMV comunicaralles á Comisión Europea e á Autoridade Europea de Valores e Mercados anualmente o número e a natureza dos casos en que se adopten as medidas previstas no parágrafo anterior.

Excepcionalmente, con carácter previo á adopción das medidas dispostas neste punto, a CNMV poderá adoptar as medidas preventivas que considere necesarias para protexer os intereses dos investidores. As medidas adoptadas deberanse comunicar á Comisión Europea, á Autoridade Europea de Valores e Mercados e ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora, o máis axiña posible.

3. Cando a sociedade xestora leve a cabo a xestión transfronteiriza de IIC autorizadas en España, a autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora consultará coa CNMV antes de revogar a súa autorización. Nos ditos casos, a CNMV tomará as medidas oportunas para salvagardar os intereses dos investidores e poderalle prohibir a esta sociedade xestora a realización de novas actividades en España.»

Sesenta e tres. Engádesse un novo artigo 71 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 71 bis. *Supervisión de IIC que comercializan transfronteirizamente.*

1. Cando a CNMV teña motivos fundados para crer que unha IIC autorizada noutro Estado membro da Unión Europea cuxas accións ou participacións se comercializan en España en virtude do artigo 15 infrinxe obrigas que derivan da Directiva 2009/65/CE, cuxa supervisión non corresponde á CNMV, comunicaralles estes feitos ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC.

No caso de que, a pesar das medidas adoptadas polas autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC ou por resultar estas inadecuadas, ou debido á falta de actuación dese Estado membro nun prazo razoable, a IIC persista nunha actuación claramente prexudicial para os intereses dos investidores en España da IIC en virtude do artigo 15, a CNMV poderá proceder dunha das seguintes maneiras:

a) Adoptar, tras informar as autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC, todas as medidas oportunas para protexer os investidores, podendo mesmo impedir á IIC considerada seguir comercializando as súas accións ou participacións en España, ou

b) En caso necesario, someter a cuestión á Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.

A CNMV informará sen demora a Comisión e a Autoridade Europea de Valores e Mercados de toda medida que se adopte en virtude da letra a) do parágrafo anterior.

2. Cando a CNMV reciba dunha autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, en relación cunha IIC autorizada en España e que recibiu a comunicación por parte da CNMV a que se refire o artigo 16, unha comunicación sinalando que a dita autoridade competente ten motivos fundados para crer que a mencionada IIC infrinxe obrigas que derivan da Directiva 2009/65/CE, cuxa

supervisión lle corresponde á CNMV, adoptará as medidas oportunas previstas legalmente.»

Sesenta e catro. Engádesse un artigo 71 ter co seguinte teor literal:

«Artigo 71 ter. *Cooperación transfronteiriza entre autoridades competentes.*

1. A CNMV cooperará coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas ou exercer as facultades conferidas nesta lei. Así mesmo, cooperará con estas sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas ou exercer as facultades conferidas ás ditas autoridades competentes pola súa normativa nacional que transpón a Directiva 2009/65/CE.

A CNMV prestará axuda ás autoridades competentes dos demais Estados membros. En particular, facilitará de forma inmediata a información necesaria para o desempeño por estas autoridades das súas funcións e colaborará en actividades de investigación ou supervisión. A CNMV poderá exercer os seus poderes para fins de cooperación, mesmo en casos en que o comportamento investigado non constituía unha infracción da normativa vixente en España.

Igualmente, a CNMV cooperará coa Autoridade Europea de Valores e Mercados de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión, e transmitirá, sen demora, á dita autoridade toda a información necesaria para o cumprimento das súas tarefas, de conformidade co artigo 35 do devandito regulamento.

2. Cando a CNMV teña motivos fundados para sospeitar que entidades non suxeitas á súa supervisión están a realizar ou realizaron no territorio doutro Estado membro da UE actividades contrarias ás disposicións nacionais dese Estado polas que se traspuxese a Directiva 2009/65/CE, notificarallo do modo máis concreto posible á autoridade competente do dito Estado membro. Esta comunicación entenderase sen prexuízo das competencias que poida exercer a CNMV.

3. Así mesmo, cando a CNMV reciba unha notificación da autoridade competente doutro Estado membro da UE en que se sinale a existencia de motivos fundados para sospeitar que entidades non suxeitas á supervisión desa autoridade competente están a realizar ou realizaron en territorio español actividades contrarias a esta lei, e ás súas disposicións de desenvolvemento, a CNMV deberá adoptar as medidas oportunas para corrixir esta situación. Ademais, comunicarlle á autoridade competente notificante o resultado da súa intervención e, na medida do posible, os avances intermedios significativos.

4. A CNMV poderá pedir a cooperación da autoridade competente doutro Estado membro da UE nunha actividade de supervisión, para unha verificación in situ ou unha investigación no territorio deste último, no marco das competencias conferidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

No caso de que sexa a CNMV a que realice a dita verificación ou investigación in situ, aceptará que o persoal da autoridade competente do Estado membro en cuxo territorio vai ter lugar a verificación ou investigación in situ acompañe o da CNMV.

No caso de que sexa a autoridade competente do Estado membro en cuxo territorio vai ter lugar a verificación ou investigación in situ a que realice esta, a CNMV poderá pedir que o seu persoal acompañe o desta autoridade.

5. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba por parte da autoridade competente doutro Estado membro da UE unha solicitude de petición de cooperación nunha actividade de supervisión, unha verificación in situ ou unha investigación:

- a) realizará ela mesma a verificación ou investigación;
- b) permitirá que a realicen as autoridades que presentasen a solicitude, ou
- c) permitirá que a realicen auditores de contas ou expertos.

No caso de que sexa a CNMV a que realice a verificación ou investigación in situ a que se refire o parágrafo anterior, aceptará que o persoal da autoridade competente do Estado membro da UE solicitante acompañe o da CNMV. En todo caso, a verificación ou investigación manterase baixo o control da CNMV.

No caso de que a CNMV permita que sexa a autoridade competente do Estado membro da UE solicitante a que realice a verificación ou investigación in situ, poderá pedir que o seu persoal acompañe o desta autoridade.

6. A CNMV poderase negar a dar curso a unha solicitude de cooperación nunha investigación ou unha verificación in situ conforme o punto 5, ou a intercambiar información conforme o punto 1 soamente no caso de que:

- a) A dita investigación, verificación in situ ou intercambio de información poida atentar contra a soberanía, a seguridade ou a orde pública.
- b) Se incoase un procedemento xudicial polos mesmos feitos e contra as mesmas persoas en España.
- c) Se ditase xa unha resolución xudicial firme con respecto ás mesmas persoas e aos mesmos feitos en España.

A CNMV notificaralle a denegación á autoridade competente solicitante. Na notificación deberase motivar a decisión adoptada.

7. Se a solicitude de cooperación nunha investigación ou unha verificación in situ conforme o punto 4, ou de que o persoal da CNMV acompañe o da autoridade competente do outro Estado membro nestas actuacións, ou a dirixida a intercambiar información, é rexeitada por parte das autoridades competentes do outro Estado membro, ou non se lle dá curso nun prazo razoable desde a remisión da dita solicitude por parte da CNMV á outra autoridade competente, a CNMV poderá pólo en coñecemento da Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.»

Sesenta e cinco. Engádese un artigo 71 quáter co seguinte teor literal:

«Artigo 71 quáter. *Divulgación da información.*

Cando a CNMV lles comunique información relacionada coas materias reguladas nesta lei ou noutras normas que traspoñan a Directiva 2009/65/CE ás autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, deberá indicar se a información só se pode divulgar co seu consentimento expreso.

Cando a CNMV reciba información das autoridades competentes doutros Estados membros e as ditas autoridades indicasen que a información só se pode divulgar co seu consentimento expreso, a CNMV deberá utilizar esa información exclusivamente para os fins que autorizase esa autoridade.»

Sesenta e seis. Engádese un artigo 71 quinquies co seguinte teor literal:

«Artigo 71 quinquies. *Intercambio de información e segredo profesional.*

A aplicación dos artigos 90 e 91.bis.4 da Lei 24/1988 non impedirá o intercambio de información entre a CNMV ou outra autoridade competente doutro Estado membro e:

- a) O Banco de España, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou outra entidade que realice funcións homólogas noutro Estado membro.

b) A Administración concursal, de conformidade co establecido na Lei 22/2003, ou outra entidade que realice funcións homólogas noutro Estado membro.

c) Os auditores das contas das empresas de seguros, entidades de crédito, empresas de investimento e outras entidades financeiras, de conformidade co establecido na Lei 19/1988, ou outra entidade que realice funcións homólogas noutro Estado membro.

d) A Autoridade Europea de Valores e Mercados, a Autoridade Bancaria Europea, a Autoridade Europea de Seguros e Pensiões de Xubilación ou a Xunta Europea de Riscos Sistémicos.

En particular, o previsto nos artigos 90 e 91.bis.4 da Lei 24/1988 non lles impedirá ás autoridades mencionadas no parágrafo anterior o desempeño da súa misión de supervisión, nin a transmisión á sociedade xestora do Fondo de Garantía de Investimentos, prevista no Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, ou outra entidade que realice funcións homólogas noutro Estado membro, da información que precisen para a realización das súas funcións.

A información que se intercambie en virtude do parágrafo anterior estará suxeita ao segredo profesional recollido no artigo 90 da Lei 24/1988.»

Sesenta e sete. Engádesse un punto 5 ao artigo 72:

«5. Cando a IIC leve a cabo as actividades de comercialización transfronteiriza noutro Estado membro en virtude do artigo 16, ou sexa xestionada por unha sociedade xestora con domicilio social nun Estado membro da Unión Europea distinto de España, a CNMV comunicaralles as resolucións que poñan fin ao procedemento nos supostos previstos no punto 1 ás autoridades competentes dos ditos Estados membros.»

Sesenta e oito. O artigo 80 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 80. *Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves das persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 69 desta lei os seguintes actos ou omisións:

a. A omisión ou falsidade na contabilidade e na información que se debe facilitar ou publicar de conformidade con esta lei e normas de desenvolvemento, así como calquera incumprimento das obrigas de remisión da información periódica cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.

Do mesmo xeito, constitúe infracción moi grave a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira regulada con datos inexactos ou non veraces, ou de información enganosa ou que omita aspectos ou datos, cando nestes supostos a incorrección sexa relevante. A relevancia da incorrección determinarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: que se poidan coñecer publicamente as circunstancias que permiten influír na apreciación do valor do patrimonio e nas perspectivas da institución, en particular os riscos inherentes que comporta, e que se poida coñecer se a institución cumpre ou non coa normativa aplicable.

Constitúe, así mesmo, infracción moi grave a falta de remisión ou a remisión con datos inexactos, non veraces ou enganosos, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de cantos datos ou documentos se deban remitir ou esta requira no exercicio das súas funcións cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, de ser o caso, da situación patrimonial das IIC xestionadas.

b. O investimento en calquera activo distinto dos autorizados legalmente ou dos permitidos polo folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o regulamento da IIC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da IIC,

prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes, ou se trate de incumprimento reiterado.

c. O incumprimento da obriga de someter a auditoría as contas anuais.

d. A realización de operacións de préstamo bolsista ou de valores, así como a peñoración de activos, con infracción das cautelas que se determinen nas normas de desenvolvemento desta lei ou no folleto, os estatutos ou o regulamento da IIC.

e. O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, ou das condicións establecidas no folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o regulamento da IIC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da IIC ou prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes e terceiros, ou se trate dun incumprimento reiterado.

f. A compravenda das propias accións nas sociedades de capital variable e a emisión, reembolso ou traspaso de accións ou de participacións con incumprimento dos límites e condicións impostos por esta lei, as súas disposicións complementarias e os estatutos e regulamentos de xestión das institucións, cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes ou se trate dun incumprimento reiterado.

g. O incumprimento da reserva de actividade prevista nos artigos 14 e 40 desta lei, a realización polas sociedades xestoras ou por calquera persoa física ou xurídica de actividades para as cales non estean autorizadas, así como a inobservancia por unha sociedade xestora ou polos seus axentes das regras que se establezan ao abeiro do artigo 40.3 desta lei.

h. A resistencia ou negativa á inspección establecida no artigo 70.

i. A realización de operacións de investimento con incumprimento dos principios establecidos no artigo 23 ou en contravención das condicións establecidas no folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o regulamento da IIC.

j. A realización sen autorización das operacións recollidas nos artigos 25, 26 e 27, ou con incumprimento dos requisitos establecidos.

k. O incumprimento dos prazos de permanencia dos investimentos que se fixen regulamentariamente de acordo co previsto no artigo 36.3 desta lei ou no folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o regulamento da IIC.

l. O incumprimento por parte das sociedades xestoras que actúen no marco desta lei das obrigas en materia de valoración de inmobles que se establezan en desenvolvemento do preceptuado no artigo 36 desta lei.

m. A comercialización de accións ou participacións de IIC non inscritas no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

n. O incumprimento por parte das sociedades xestoras das funcións e obrigas recollidas no artigo 46, sempre que comporten un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.

ñ. O incumprimento por parte dos depositarios das funcións e obrigas recollidas nos artigos 60 e 62 desta lei, sempre que comporten un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.

o. A falta de procedementos a que se refire o artigo 43.1.j) desta lei ou a presentación por parte das sociedades de investimento ou as sociedades xestoras de deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade, ou cando se prexudique gravemente ou se poñan en risco os intereses de partícipes ou accionistas.

p. O mantemento polas sociedades xestoras durante un período de seis meses duns recursos propios inferiores aos exixidos pola normativa.

q. A ausencia dun departamento de atención ao cliente nos termos previstos no artigo 48.

r. A realización de operacións vinculadas con incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 67.3, 67.4 e 67.5 desta lei e nas normas de desenvolvemento, cando sexan exixibles, sempre que prexudiquen gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

s. O incumprimento das normas de separación do depositario e a sociedade encargada da xestión da IIC, establecidas no artigo 68 desta lei e nas normas de desenvolvemento, sempre que se prexudiquen gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

t. A comisión de infraccións graves cando durante os cinco anos anteriores á súa comisión lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

u. A realización de actuacións ou operacións prohibidas por normas reguladoras do réxime de IIC ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

v. O incumprimento do disposto no artigo 28 bis desta lei e as súas normas de desenvolvemento cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

w. A obtención da autorización en virtude de declaracións falsas, omisións ou por outro medio irregular, ou o incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización cando neste último caso se produza prexuízo grave para os intereses de partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

x. A delegación das funcións das sociedades xestoras con incumprimento das condicións impostas por esta lei e demais normas de desenvolvemento cando se prexudiquen gravemente os intereses de partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada ou cando diminúa a capacidade de control interno ou de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

y. O incumprimento das medidas cautelares ou aplicadas á marxe do exercicio da potestade sancionadora, acordadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

z. O incumprimento dos compromisos asumidos polas sociedades xestoras ou sociedades de investimento para emendar as deficiencias detectadas no ámbito da supervisión e inspección, cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

z bis. O exceso nos límites ás obrigas fronte a terceiros que se fixen regulamentariamente ou no folleto, os estatutos ou o regulamento da IIC cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes.

z ter. A valoración dos activos propiedade das IIC afastándose do establecido pola normativa, cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas, se trate dunha conduta reiterada ou teña impacto substancial no valor liquidativo da IIC.

z quáter. A adquisición dunha participación significativa de control incumprindo o previsto no artigo 45 desta lei, así como que o titular dunha participación significativa incorra no suposto de feito recollido no artigo 45.10 desta lei e nas normas que o desenvolvan.

z quinquies. O incumprimento pola SXIIC das obrigas impostas polo artigo 54.5.ter, sempre que comporten un prexuízo grave para os investidores ou accionistas.

z sexies. O incumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro da UE das obrigas que deriven do artigo 15, sempre que comporten un prexuízo grave para os investidores ou accionistas.

z septies. O incumprimento do previsto no artigo 17.3, sempre que comporte un prexuízo grave para os investidores.»

Sesenta e nove. O artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a. O incumprimento da obriga de posta á disposición aos socios, partícipes e público da información que se deba render conforme o disposto no artigo 18 desta lei e as súas normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

b. Levar a contabilidade de acordo con criterios distintos dos establecidos legalmente, cando iso desvirtúe a imaxe patrimonial da entidade ou a IIC afectada, así como o incumprimento das normas sobre formulación de contas ou sobre o modo en que deban levar os libros e rexistros oficiais, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

c. O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

d. O exceso de investimento sobre os límites que se establezan regulamentariamente ao abeiro do artigo 30 e sobre os que se establezan ao abeiro do disposto nos artigos 35 e 36, cando a infracción non se deba cualificar como leve.

e. O exceso nas limitacións ás obrigas fronte a terceiros que se fixen regulamentariamente ou no folleto, os estatutos ou o regulamento da IIC, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

f. O cargo de comisións por servizos que non fosen efectivamente prestados á institución, o cobramento das comisións non previstas ou con incumprimento dos límites e condicións impostos no artigo 8 desta lei, nas súas normas de desenvolvemento, estatutos ou regulamentos das institucións.

g. O incumprimento por parte das sociedades xestoras das funcións e obrigas recollidas no artigo 46, cando non deba ser cualificada como falta moi grave.

h. O incumprimento polo depositario das funcións e obrigas recollidas nos artigos 60 e 62 desta lei, cando non se deba cualificar como falta moi grave.

i. O cesamento ou diminución dunha participación significativa incumprindo o previsto no artigo 45.8.

i bis. A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 45.1 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen tela comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como o aumento ou redución dunha participación significativa incumprindo o previsto no artigo 45.3 e 45.8 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento e a falta de comunicación periódica da estrutura accionarial.

i ter. A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 45.2 desta lei.

j. A inobservancia do disposto no artigo 11.2.c), terceiro inciso, desta lei.

k. A comisión de infraccións leves cando durante os dous anos anteriores á súa comisión fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

l. A realización de actuacións ou operacións prohibidas por normas reguladoras do réxime de IIC ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, cando teña un carácter meramente ocasional ou illado.

m. A presentación por parte das sociedades de investimento ou as sociedades xestoras de deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno ou de valoración, incluídos os relativos á xestión dos riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes e sempre que iso non constituía infracción moi grave.

n. A delegación das funcións da sociedade xestora con incumprimento das condicións impostas por esta lei e normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como moi grave.

ñ. O incumprimento das obrigas de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores e das condicións para retornar ao cumprimento que se establezan nas normas de desenvolvemento que se diten ao abeiro do artigo 43.1.e) desta lei, cando unha sociedade xestora presente un nivel de recursos propios inferiores ao mínimo exixible.

o. A realización de operacións vinculadas co incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 67.3, 67.4 e 67.5 desta lei e nas normas de desenvolvemento, cando foren exixibles e non se deban cualificar como infracción moi grave.

p. O incumprimento das normas de separación do depositario e a sociedade xestora ou sociedade de investimento, establecidas no artigo 68 desta lei e en normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como moi grave.

q. A realización de publicidade con incumprimento do previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

r. O incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

s. O incorrecto funcionamento do departamento de atención ao cliente.

t. O investimento en calquera activo distinto dos autorizados pola normativa aplicable ou dos permitidos polo folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o regulamento da IIC, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

u. A compravenda das propias accións nas sociedades de capital variable e a emisión, reembolso ou traspaso de accións ou participacións con incumprimento dos límites e condicións impostos por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, e os estatutos e regulamentos de xestión das institucións, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

v. A valoración dos activos propiedade das IIC apartándose do establecido pola normativa, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

w. A efectiva administración ou dirección das persoas xurídicas apuntadas no artigo 69 desta lei por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo da dita natureza.

x. A realización, con carácter ocasional ou illado, polas sociedades xestoras ou sociedades de investimento de actividades para as cales non están autorizadas.

y. O uso indebido das denominacións a que se refiren os artigos 14 e 40.7 desta lei e normas de desenvolvemento.

z. O incumprimento dos compromisos asumidos polas sociedades xestoras ou sociedades de investimento para emendar as deficiencias detectadas no ámbito da supervisión e inspección, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

z bis. O incumprimento do disposto no artigo 28 bis desta lei e as súas normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

z ter. O incumprimento pola SXIIC das obrigas impostas polo artigo 54.5.ter, cando non se deba cualificar como falta moi grave.

z quáter. O incumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro das obrigas que deriven do artigo 15, cando non se deba cualificar como falta moi grave.

z quinquies. O incumprimento do previsto no artigo 17.3, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.»

Setenta. Introdúcese un novo artigo 86 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 86 bis. *Comunicación da imposición de sancións a outras autoridades competentes.*

Cando a IIC leve a cabo as actividades de comercialización transfronteiriza noutro Estado membro da Unión Europea en virtude do artigo 16, ou sexa xestionada por unha sociedade xestora con domicilio social nun Estado membro da

Unión Europea distinto de España, a CNMV comunicaralles a imposición das sancións establecidas nos artigos 85 e 86 ás autoridades competentes dos ditos Estados membros.»

Setenta e un. O punto 2 do artigo 89 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Non obstante o sinalado no punto anterior, serán considerados responsables das infraccións moi graves ou graves cometidas polas IIC as sociedades xestoras ou os depositarios, aqueles que exerzan neles cargos de administración ou dirección, salvo nos seguintes casos:

- a) Cando aqueles que formen parte de órganos colexiados de administración non asistisen por causa xustificada ás reunións correspondentes ou votasen en contra ou salvasen o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.
- b) Cando as ditas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, conselleiros delegados, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións na entidade.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do punto 2 da disposición adicional trixésima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, o punto dous da disposición adicional trixésima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, quedará redactado da seguinte forma:

«2. Os empresarios, excluída a Administración pública e as entidades, organismos e empresas do sector público, dedicados a actividades encadradas nos sectores de agricultura, pesca e acuicultura; industria, excepto enerxía e auga; comercio; turismo; hostalaría e resto de servizos, excepto o transporte aéreo, construción de edificios, actividades financeiras e de seguros e actividades inmobiliarias, nas cidades de Ceuta e Melilla, respecto dos traballadores que presten servizos nos seus centros de traballo situados no territorio das ditas cidades, terán dereito a unha bonificación do 50 por cento nas súas achegas ás cotas da Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, formación profesional e fondo de garantía salarial.

Así mesmo, os traballadores encadrados no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos dedicados a actividades encadradas nos sectores descritos no parágrafo anterior, que residan e exerzan a súa actividade nas cidades de Ceuta e Melilla, terán dereito a unha bonificación do 50 por cento nas súas achegas ás cotas da Seguridade Social por continxencias comúns.

A implementación e efectiva aplicación das bonificacións previstas nos parágrafos anteriores será de maneira progresiva durante as tres primeiras anualidades de vixencia da norma. O primeiro ano será do 43 por cento; o segundo, do 46 por cento e o terceiro e sucesivos, do 50 por cento.»

Disposición adicional segunda. *Efectos das resolucións xudiciais de suspensión sobre a tramitación de determinados proxectos.*

Nos proxectos financiados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local e ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, en cuxa tramitación se ditase auto xudicial ou resolución administrativa por que se decretase a suspensión da execución das obras, a Dirección Xeral de Cooperación Local poderá acordar, con carácter excepcional, a interrupción do prazo de execución durante o tempo en que se manteña vixente a medida cautelar mencionada.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

Modifícase o punto dous da disposición adicional sesaxésimo cuarta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, relativa aos beneficios fiscais aplicables ao evento de Saída da Volta ao Mundo a Vela, Alacant 2011, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A duración deste programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2014».

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta lei queda derogada a disposición transitoria quinta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, así como cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Procedemento de comercialización de fondos de investimento regulados pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, a través de contas globais.*

A comercialización de fondos de investimento a que se refire o artigo 40.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) A entidade comercializadora comunicará, segundo a frecuencia con que o fondo atenda a subscripción e o reembolso das súas participacións, á correspondente sociedade xestora cada unha das operacións de subscripción e reembolso, identificando cada un dos partícipes canalizados a través do comercializador mediante o número de identificación fiscal correspondente a cada un deles.

b) Para cada un dos reembolsos, a sociedade xestora calculará o resultado da operación para os efectos fiscais que corresponda e, de ser o caso, practicaralle a correspondente retención á conta ao partícipe, así como a diferenza entre o importe total de subscripcións recibidas e o importe total de reembolsos, netos das súas correspondentes retencións, e ordenaralle ao comercializador, se a diferenza é positiva, o aboamento na conta do Fondo, ou ordenaralle ao depositario, se a diferenza é negativa, o aboamento na conta do comercializador.

c) Nos contratos que se celebren entre a sociedade xestora e a comercializadora deberase establecer a obriga para esta última de lle proporcionar á entidade xestora, polo menos, o número de identificación fiscal de cada partícipe canalizado a través da dita comercializadora, para efectos do cumprimento das obrigas materiais e formais de carácter tributario que corresponden á entidade xestora. A obriga anterior terá a consideración para a entidade comercializadora de obriga tributaria formal conforme o disposto nos artigos 29.1 e 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Así mesmo, nos ditos contratos deberase establecer a obriga da entidade comercializadora de remitir ou pór á disposición dos partícipes canalizados a través dela os documentos informativos que, conforme o establecido na normativa reguladora das institucións de investimento colectivo, teñan dereito a recibir, para o cal a sociedade xestora deberá facilitar á entidade comercializadora a dita información, así como calquera outra información, incluída a de carácter tributario, que resulte pertinente conforme a normativa aplicable en cada momento.

d) Nestes contratos deberase establecer que sexa a comercializadora a que remita á CNMV toda a información, en relación cos partícipes da IIC canalizados a través daquela, que, conforme a normativa vixente, deba remitir a sociedade xestora á dita autoridade, sempre e cando a sociedade xestora non dispoña da dita información.

Disposición derradeira segunda. *Cumprimento de obrigas fiscais en caso de comercialización das IIC autorizadas noutro Estado membro da UE de acordo coa Directiva 2009/65/CE.*

As IIC autorizadas noutro Estado membro da UE de acordo coa Directiva 2009/65/CE, a que se refire o artigo 15.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberán permitir aos seus partícipes ou accionistas o cumprimento das súas obrigas fiscais nos mesmos termos que resulten de aplicación á comercialización de IIC autorizadas en España regulada no artigo 40.3 e na súa normativa de desenvolvemento.

Para ese efecto, regulamentariamente poderase establecer que, cando unha IIC se vaia comercializar en España a través de máis dun comercializador, se designe unha entidade encargada do rexistro centralizado dos partícipes ou accionistas canalizados a través dos comercializadores en España.

Nos casos previstos no parágrafo anterior, a entidade comercializadora a través da cal se efectúen as operacións de subscripción, adquisición e reembolso ou transmisión das accións ou participacións deberá comunicar, previamente á súa realización, estas operacións á entidade encargada do rexistro centralizado, a cal determinará o resultado de cada operación e llo comunicará, pola súa vez, á correspondente entidade comercializadora. A entidade designada, de ser o caso, para o mantemento do rexistro centralizado de partícipes ou accionistas estará obrigada a cumprir as seguintes obrigas tributarias:

1.º Practicar retención ou ingreso á conta e ingresar o importe no Tesouro como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo nos termos previstos na normativa reguladora dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

2.º Informar a Administración tributaria en relación coas operacións que teñan por obxecto accións ou participacións das institucións de investimento colectivo de conformidade co disposto na normativa reguladora dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de Dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento, e o artigo 11 da Directiva 2010/78/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican as directivas 98/26/CE, 2002/87/CE, 2003/6/CE, 2003/41/CE, 2003/71/CE, 2004/39/CE, 2004/109/CE, 2005/60/CE, 2006/48/CE, 2006/49/CE e 2009/65/CE en relación coas facultades da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Bancaria Europea), a Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación) e a Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados).

Disposición derradeira cuarta. *Declaración de acontecementos de excepcional interese público en Barcelona.*

1. A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 recollerá a declaración, como acontecemento de excepcional interese público, e de conformidade co previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, da celebración en Barcelona do «Mobile World Capital» sobre comunicación móbil.

2. A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 recollerá a declaración, como acontecemento de excepcional interese público, e de conformidade co previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos

incentivos fiscais ao mecenado, da celebración en Barcelona da «3.^a edición da Barcelona World Race».

Disposición derradeira quinta. *Declaración de acontecementos de excepcional interese público de Vitoria-Gasteiz.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 recollerá a declaración, como acontecemento de excepcional interese público, e de conformidade co previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, da celebración de «Vitoria-Gasteiz Capital Verde Europea 2012».

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que conclúsen a partir do 21 de decembro de 2007, modifícase o punto 5 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Cando se adquiran valores representativos da participación en fondos propios de entidades non residentes en territorio español, cuxas rendas se poidan acoller á exención establecida no artigo 21 desta lei, o importe da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o patrimonio neto da entidade participada á data de adquisición, en proporción a esa participación, imputárase aos bens e dereitos da entidade non residente en territorio español, aplicando o método de integración global establecido no artigo 46 do Código de comercio e demais normas de desenvolvemento, e a parte da diferenza que non fose imputada será deducible da base imponible, co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe, salvo que se incluíse na base da dedución do artigo 37 desta lei, sen prexuízo do establecido coa normativa contable de aplicación.

A dedución desta diferenza será compatible, de ser o caso, coas perdas por deterioración a que se refire o punto 3 deste artigo.

A dedución establecida neste punto non será de aplicación ás adquisicións de valores representativos da participación en fondos propios de entidades non residentes en territorio español, realizadas a partir de 21 de decembro de 2007, sen prexuízo do establecido no punto 3 do artigo 1 da Decisión da Comisión Europea do 28 de outubro de 2009 e no punto 3 do artigo 1 da Decisión da Comisión do 12 de xaneiro de 2011, relativas á amortización fiscal do fondo de comercio financeiro para a adquisición de participacións estranxeiras, asunto C-45/2007, respecto ás adquisicións relacionadas cunha obriga irrevogable convida antes do 21 de decembro de 2007. Non obstante, tratándose de adquisicións de valores que confiran a maioría da participación nos fondos propios de entidades residentes noutro Estado non membro da Unión Europea, realizadas entre o 21 de decembro de 2007 e o 21 de maio de 2011, poderase aplicar a dedución establecida neste punto cando se demostre a existencia de obstáculos xurídicos explícitos ás combinacións transfronteirizas de empresas, nos termos establecidos nos puntos 4 e 5 do artigo 1 da citada Decisión da Comisión do 12 de xaneiro de 2011.»

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO